

2

MERCADO DE TRABAJO E RELACIÓNS LABORAIS

2.1. Actividade, ocupación e desemprego

2.2. Custos e salarios

2.3. Relacións laborais e formación



2.1. Actividade, ocupación e desemprego

Na Comunidade Autónoma de Galicia o ano 2022 caracterízase en termos laborais por un aumento da poboación activa, da ocupación e un descenso do nivel de paro. No entanto, o comportamento do mercado laboral é desigual nas dúas metades do exercicio, cunha boa evolución no primeiro semestre e unha perda do ritmo de crecemento no segundo, froito da inestabilidade e dunha certa ralentización da economía como consecuencia da guerra da Ucraína e do encarecemento da enerxía.

A aprobación do Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, marca tamén a evolución do mercado laboral ao longo do ano 2022, en particular a partir do 31 de marzo de 2022, data na que gran parte das súas medidas entran en vigor. En termos xerais, a reforma laboral simplifica o sistema de contratación, modifica o contido da negociación colectiva e redefine os ERTE como instrumentos de flexibilidade interna.

As modificacións introducidas polo Real-Decreto Lei 32/2021 son especialmente intensas no ámbito da con-


tratación, incentivando a contratación indefinida e simplificando a contratación temporal limitando o seu uso e penalizando o seu encadeamento.

A análise que se leva a cabo no presente capítulo comparando os indicadores principais do mercado laboral en termos interanuais, ten que matizarse tendo en conta que a reforma laboral repercute directamente na redución da taxa de temporalidade e no incremento dos contratos indefinidos de fixos discontinuos.

O mercado de traballo en Galicia no ano 2022 en termos agregados podemos afirmar que presenta un bo comportamento, cunha maior participación da poboación galega na actividade e na ocupación, así como coa caída da taxa de desemprego. Dunha banda, no último ano tanto a EPA como as afiliacións e as contas económicas presentan unha medra da ocupación e das horas traballadas; e doutra, descende o paro estimado pola EPA e o paro rexistrado nas oficinas de emprego.

A forte caída no número de contratos temporais e o incremento da contratación indefinida favorece un importante descenso na taxa de temporalidade, non

Evolución trimestral da ocupación e o desemprego en Galicia 2021-22. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE; EPA, Contas económicas, Afiliación á Seguridade Social, Demandas de emprego e colocacións

2.1.1.

obstante parece impulsarse a utilización dos contratos fixos discontinuos como alternativa a algunha modalidade de contratación temporal. Así os fixos discontinuos pasan de representar o 0,8% dos contratos no ano 2021 en Galicia, ao 7,7% no ano 2022.

Asemade, a pesar da mellora da ocupación, estes datos teñen que ser matizados xa que Galicia mantense entre as CC.AA. con menores taxas de actividade (tan só supera a Asturias) e ocupación (a cuarta con menor taxa), ocupando unha posición intermedia no caso da taxa de paro.

Afiliacións á Seguridade Social

Tal como se ven sinalando, a evolución do mercado laboral en xeral e da afiliación en particular ao longo do

ano 2022 ven marcada pola aprobación do Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urgentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

As medidas incluídas no citado Real Decreto-Lei en materia de Seguridade Social, modifican a cotización de determinados contratos co fin de priorizar o contrato de duración indefinida, beneficios na cotización á Seguridade Social aplicables aos expedientes de regulación temporal de emprego e ao mecanismo RED, así como medidas para mellorar as actuacións de inspección e simplificar actuacións administrativas.

A análise da afiliación en Galicia no último ano realízase

Mercado de traballo 2008-22: principais indicadores

	2008	2013	2020	2021	2022	22/08	22/21				
							Total	1 trim.	2 trim.	3 trim.	4 trim.
	<i>(en miles de persoas)</i>					<i>(%)</i>	<i>(%)</i>				
Afiliados á Seguridade Social	1.072,5	913,8	996,0	1.014,4	1.036,9	-3,3	2,2	3,0	2,9	1,4	1,4
Poboación maior 16 anos	2.401,1	2.382,3	2.339,0	2.340,9	2.342,6	-2,4	0,1	0,0	0,0	0,1	0,2
Poboación activa	1.314,8	1.290,9	1.220,9	1.228,2	1.240,4	-5,7	1,0	1,2	1,3	0,8	0,8
Poboación ocupada	1.201,2	1.006,4	1.074,2	1.085,1	1.103,7	-8,1	1,7	3,0	2,6	0,1	1,2
Poboación parada	113,6	284,6	146,7	143,1	136,7	20,3	-4,5	-10,9	-8,5	6,4	-2,7
Poboación parada moi longa duración (1)	14,7	100,2	35,5	37,7	41,2	180,7	9,3	18,1	13,9	14,3	-8,3
Poboación inactiva	1.086,3	1.091,4	1.118,1	1.112,7	1.102,2	1,5	-0,9	-1,4	-1,3	-0,7	-0,4
	<i>(%)</i>						<i>(puntos porcentuais)</i>				
Taxa de actividade	54,8	54,2	52,2	52,5	52,9	-1,8	0,5	0,6	0,6	0,4	0,3
Taxa de ocupación	50,0	42,2	45,9	46,4	47,1	-2,9	0,8	1,4	1,2	0,0	0,5
Taxa de paro	8,6	22,0	12,0	11,7	11,0	2,4	-0,6	-1,6	-1,2	0,6	-0,4
Taxa de paro xuvenil (menores 25 anos)	21,1	49,9	33,1	32,7	32,4	11,4	-0,3	-5,1	1,2	8,1	-5,3
Taxa de temporalidade (%)	30,4	22,8	24,0	24,5	19,4	-11,0	-5,1	-0,9	-4,1	-7,8	-7,7
	<i>(en miles de persoas)</i>						<i>(%)</i>				
Paro rexistrado	162,5	276,0	180,3	163,4	146,2	-10,0	-10,6	-10,9	-8,5	6,4	-2,7
Contratos iniciais indefinidos	46,4	37,6	36,1	47,3	211,6	355,8	347,0	6,3	115,5	6,4	76,0
Contratos iniciais temporais	706,1	690,6	680,4	839,4	579,4	-17,9	-31,0	-21,4	99,9	19,1	28,0
Contratos convertidos en indefinidos	41,7	22,3	32,7	45,8	68,2	63,7	48,9	6,3	115,5	6,4	76,0

(1) máis de dous anos

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do IGE e Ministerio de Traballo e Economía Social

2.1.2.

a través dos datos de afiliación por xénero, distribución territorial, dos distintos réximes de afiliación, así como dos sectores de actividade. Os datos utilizados son os proporcionados polo Ministerio de Traballo e Economía Social, tendo en conta que o número de afiliacións non se corresponde necesariamente co de traballadores e traballadoras, senón co de situacións que xeran obriga de cotizar; isto é, a mesma persoa contabilízase tantas veces como situacións de cotización teña, xa sexa porque ten varias actividades laborais nun mesmo réxime ou en varios.

O número medio de afiliacións para o total do sistema no ano 2022 en Galicia foi de 1.036.900 persoas (**cadro 2.1.3.**), o que supón un aumento de 22.500 afiliacións en relación á media do ano anterior (2,2%), 2,1% por riba da afiliación media rexistrada no ano 2019. No conxunto do Estado as afiliacións incrementáronse un 3,9%, en relación ao ano anterior, acadando niveis de afiliación un 4,3% superiores ás do ano 2019. Os niveis de afiliación rexistrados de media en España no ano 2022 son os máis elevados dende o ano 2007, primeiro dispoñible da serie estatística publicada. Tras esta evolución, as afiliacións en Galicia pasan a representar o

5,2% do total estatal, unha décima menos que no ano anterior.

A análise da evolución da afiliación segundo xénero (**gráfico 2.1.4.**) mostra como o incremento da afiliación no ano 2022 foi superior en mulleres que en homes, con incrementos interanuais do 2,8% e do 1,7% respectivamente, o que en termos absolutos supón 13.653 mulleres e 8.825 homes afiliados máis que en 2021. En relación á situación prepandémica, no ano 2022 hai 15.498 mulleres afiliadas máis (3,2% máis) e 6.111 homes afiliados máis (1,2% máis) que en 2019.

Nas catro provincias galegas aumenta o número total de persoas afiliadas, sendo tamén nas catro provincias maior o incremento porcentual da afiliación feminina. O maior incremento interanual da afiliación feminina rexístrase nas provincias de A Coruña e Pontevedra, con incrementos do 3,2% e 2,8% interanuais, sendo os aumentos do 2% e do 1,8%, respectivamente, nas provincias de Lugo e Ourense.

Tal como se sinala no parágrafo anterior, o número de persoas afiliadas no ano 2022 medra nas catro provincias

Afiliados en alta laboral na Seguridade Social en Galicia e España 2008-22 ⁽¹⁾⁽²⁾

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España	Galicia /España
	(en miles de persoas)						(%)
2008	1.072,5	445,9	133,1	111,4	382,1	19.005,6	5,6
2013	913,8	389,7	114,5	97,7	311,9	16.227,7	5,6
2019	1.015,3	434,8	122,8	102,7	355,0	19.189,2	5,3
2020	996,0	425,7	120,2	100,9	349,2	18.767,1	5,3
2021	1.014,4	435,1	121,3	101,8	356,3	19.249,2	5,3
2022	1.036,9	447,5	122,9	103,3	363,2	20.005,3	5,2
xaneiro	1.020,4	438,8	121,2	102,2	358,2	19.534,9	5,2
febreiro	1.023,5	441,0	121,7	102,8	357,9	19.661,6	5,2
marzo	1.027,4	443,9	121,9	102,8	358,8	19.764,0	5,2
abril	1.035,7	448,0	123,1	103,0	361,6	20.098,1	5,2
maio	1.039,5	448,6	123,2	103,6	364,2	20.173,6	5,2
xuño	1.041,1	447,8	123,6	103,9	365,8	20.094,3	5,2
xullo	1.057,2	454,5	125,9	104,3	372,5	20.275,2	5,2
agosto	1.039,5	447,6	123,7	102,8	365,4	19.865,8	5,2
setembro	1.038,5	448,6	123,6	103,2	363,2	20.053,5	5,2
outubro	1.043,0	452,2	123,2	103,7	363,9	20.144,3	5,2
novembro	1.043,9	452,0	122,5	103,8	365,5	20.238,6	5,2
decembro	1.032,6	446,6	121,8	103,3	360,9	20.159,3	5,1

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España
	(taxas de variación interanual)					
2022/2008	-3,3	0,3	-7,7	-7,3	-4,9	5,3
2022/2019	2,1	2,9	0,1	0,6	2,3	4,3
2022/2020	4,1	5,1	2,3	2,3	4,0	6,6
2022/2021	2,2	2,8	1,4	1,5	1,9	3,9


(1) datos anuais: en medias anuais

(2) datos mensuais: están referidos ao último día natural do mes

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social

2.1.3.

Afiliacións á Seguridade Social segundo sexo 2022



Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social

2.1.4.

Afiliações en alta laboral na Seguridade Social 2008-22 ⁽¹⁾: distribución segundo réxime

	2008	2013 ⁽²⁾	2019	2020	2021	2022	22/21
							(%)
Total	1.077.918	917.355	1.018.792	1.001.310	1.019.187	1.041.772	2,2
Réxime Xeral ⁽²⁾	790.747	681.384	787.270	773.005	790.471	814.344	3,0
agás S.E. Agrario e R.E.E. fogar	790.747	649.550	755.223	741.987	759.202	783.954	3,3
S.E. Agrario	-	4.455	5.753	5.799	6.031	5.970	-1,0
S.E.E. Fogar	-	27.379	26.294	25.219	25.238	24.421	-3,2
Réxime Especial Autónomos	236.669	213.870	210.420	207.790	208.693	207.557	-0,5
non S.E.T.A	-	182.686	186.821	185.248	187.367	187.457	0,0
S.E.T.A	-	31.184	23.600	22.542	21.326	20.101	-5,7
Réxime Especial do Mar	25.563	22.100	21.102	20.515	20.024	19.871	-0,8
conta allea	14.385	12.469	11.714	11.252	11.061	11.026	-0,3
conta propia	11.178	9.632	9.387	9.263	8.963	8.845	-1,3

Nota: desde 2021 as medias anuais fanse a partir das medias mensuais.

(1) medias anuais

(2) no 2012 o Réxime Xeral incorpora ao R.E. Agrario e ao R.E.E. Fogar (a extinguir)

Fonte: IGE, Afiliações á Seguridade Social

2.1.5.

galegas aínda que con intensidades diferentes. A Coruña, cun 2,8% é a única que supera a media galega, seguida de Pontevedra (1,9%), Ourense (1,5%) e Lugo (1,4%).

Tamén en termos absolutos A Coruña é a provincia cun maior crecemento, con 12.385 afiliacións o que supón case o dobre que Pontevedra que con 6.888 afiliados máis é a segunda provincia galega con maior incremento; estas dúas provincias concentran o 78% das persoas afiliadas totais rexistrados en Galicia no ano 2022. Nas provincias de Lugo e Ourense as afiliacións aumentaron en 1.688 e 1517 persoas respectivamente.

En comparación co ano 2019, no ano 2022 as catro provincias galegas rexistran niveis superiores de afiliación, destacando a provincia de A Coruña con case 13.000 persoas afiliadas máis que no ano 2019, seguida de Pontevedra con 8.000 máis.

No último ano o número de persoas afiliadas aumenta nos sete grandes concellos de Galicia. En termos relativos os incrementos máis acusados rexistráronse en Ferrol (1,9%), Santiago de Compostela (1,6%), A Coruña (1,4%) e Vigo (1,1%), os concellos de Ourense, Pontevedra e Lugo con incrementos do 0,9%, 0,5% e 0,2% sitúanse por debaixo da media galega que é do 0,95% de variación interanual calculada entre decembro de 2022 e decembro 2021.

Os datos de afiliación segundo o grao de urbanización publicados polo IGE, mostran que as afiliacións á Seguridade Social en Galicia no ano 2022 amosan un comportamento moi similar entre as tres zonas de urbanización, densamente poboada (ZDP), intermedia (ZIP) e pouco poboada (ZPP). O grupo de idade con maior número de persoas afiliadas, tanto de homes coma de mulleres, nas tres zonas é o de 45-49 anos, con entre o 17,2 % das afiliacións na ZIP e o 15,4 % na ZPP, a porcentaxe correspondente á ZDP situándose no 16,4 %. Nas tres zonas se observa o mesmo fenómeno, moi relacionado coa estrutura demográfica da poboación galega: entre 2021 e 2022 diminúe a porcentaxe de persoas afiliadas nas idades novas e aumenta a partir do grupo de 40-44 anos.

As afiliacións ao réxime xeral representan o 78,2% das afiliacións galegas no conxunto do ano 2022, incrementándose un 2,2% en relación ao ano anterior e acadando as 814.344 persoas afiliadas (**cadro 2.1.5.**). No concernente ás afiliacións ao réxime especial de autónomos, no ano 2022 retómase a tendencia descendente interrompida no ano anterior, rexistrándose unha caída da afiliación interanual do 0,5%. No ano 2022 Galicia rexistrou 207.557 afiliados no Réxime especial de autónomos, o 20% do total de afiliados. Finalmente, o réxime especial do mar presenta unha nova caída media anual, acoillendo un total de 19.871

Afiliações á Seguridade Social 2021-22: distribución segundo principais ramas de actividade ⁽¹⁾

	2021		2022		22/21	
	(número)	(%)	(número)	(%)	(%)	(número)
47 Comercio ao retalho, salvo de vehículos de motor e motocicletas	105.423	10,4	106.367	10,3	0,9	944
86 Actividades sanitarias	66.458	6,6	67.606	6,5	1,7	1.148
56 Servizos de comidas e bebidas	60.976	6,0	66.340	6,4	8,8	5.364
84 Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	58.174	5,7	58.028	5,6	-0,3	-146
85 Educación	53.182	5,2	55.054	5,3	3,5	1.872
43 Actividades de construción especializada	49.075	4,8	50.194	4,8	2,3	1.119
46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	48.086	4,7	48.774	4,7	1,4	688
49 Transporte terrestre e por tubaxe	33.406	3,3	33.466	3,2	0,2	60
01 Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	34.594	3,4	33.389	3,2	-3,5	-1.205
10 Industria da alimentación	30.627	3,0	31.356	3,0	2,4	729
81 Servizos a edificios e actividades de xardinaria	28.801	2,8	28.843	2,8	0,1	42
41 Construción de edificios	24.530	2,4	24.858	2,4	1,3	328
97 Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	25.588	2,5	24.738	2,4	-3,3	-850
45 Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	21.725	2,1	21.684	2,1	-0,2	-41
Subtotal (ramas con máis de 20.000 afiliacións)	640.645	63,2	650.697	62,8	1,6	10.052
Total	1.014.385	100	1.036.862	100	2,2	22.477

Ramas con maior descenso de afiliacións

	2021		2022		22/21	
	(número)	(%)	(número)	(%)	(%)	(número)
29 Fabricación de vehículos e motor, remolques e semirremolques	15.895	1,6	15.034	1,4	-5,4	-861
01 Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	34.594	3,4	33.389	3,2	-3,5	-1.205
97 Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	25.588	2,5	24.738	2,4	-3,3	-850
78 Actividades relacionadas co emprego	11.481	1,1	11.126	1,1	-3,1	-355
03 Pesca e acuicultura	17.579	1,7	17.375	1,7	-1,2	-204

Ramas con maior incremento de afiliacións

	2021		2022		22/21	
	(número)	(%)	(número)	(%)	(%)	(número)
55 Servizos de aloxamento	9.329	0,9	10.937	1,1	17,2	1.608
93 Actividades deportivas, recreativas e de entretemento	9.736	1,0	11.293	1,1	16,0	1.557
62 Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática	12.831	1,3	14.080	1,4	9,7	1.249
56 Servizos de comidas e bebidas	60.976	6,0	66.340	6,4	8,8	5.364
71 Servizos técnicos de arquitectura e enerxía, ensaios e análises técnicas	14.253	1,4	15.267	1,5	7,1	1.014

(1) ramas CNAE 2009

Fonte: IGE, Afiliações á Seguridade Social

2.1.6.

afiliações, un 0,8% menos que no ano anterior, o que representa o 1,9% do total das afiliacións galegas.

Un ano máis, o comportamento das afiliacións na media do Estado é mellor que en Galicia agás no caso do sistema especial agrario dentro do Réxime Xeral. En comparación co acontecido no Estado, dunha banda, o número total de afiliacións ao réxime xeral aumenta en España un 4,5% respecto ao ano anterior; doutra banda, as afiliacións ao réxime especial de autónomos medran 0,9%, fronte á caída rexistrada en Galicia. O S.

E. agrario experimenta en España unha caída do 4,7% das afiliacións, fronte á caída do 1% en Galicia. Por último, as afiliacións ao R.E. do mar aumentaron no último ano un 1,4% no conxunto do Estado, en contraste coa xa sinalada caída do 0,8% en Galicia.

Igual que aconteceu no ano anterior, en 2022 a afiliación medra en Galicia en todos os sectores de actividade agás no sector primario. O incremento máis acusado, tanto en termos relativos como absolutos, rexístrase no sector servizos, cun incremento interanual

Evolución das afiliacións nos subsectores do comercio, hostalería, actividades sanitarias e de servizos sociais e educación 2008-22



Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social

2.1.7.

do 2,8%, o que supón 20.227 afiliados máis, seguido da construción (2%) e da industria (1,1%). O sector primario reduce a súa afiliación nun 2,4% en relación a 2022. A nivel sectorial, o 75,6% do total de afiliados corresponden a actividades do sector servizos, seguido do sector industrial co 14%, a construción co 7,2% e as actividades relacionadas co sector agrario, forestal e a pesca, cun 5,4%.

Atendendo á desagregación segundo ramas de actividade (**cadro 2.1.6.**), as 14 ramas que en 2022 teñen máis de 20.000 afiliacións acollen ao 62,8% da afiliación en Galicia. O “comercio ao retalho, salvo reparación de vehículos de motor e motocicletas” (CNAE 47) mantense como a rama cun maior número de afiliacións,

con 106.367 (10,3% do total galego), situándose a continuación un ano máis as actividades sanitarias (CNAE 86), con 67.606 afiliacións (6,5% do total), e en terceiro lugar, os servizos de comidas e bebidas (CNAE 56), con 66.340 afiliacións en 2022 (6,4% do total galego).

No ano 2022 rexístrase unha recuperación de afiliacións en dez das catorce ramas de actividade con maior afiliación en Galicia. Despois de estimables reducións en anos anteriores, no ano 2022 as actividades de servizos de comidas e bebidas (CNAE 56) aumenta o seu número de persoas afiliadas, nun 8,8% (5.364 afiliados máis), sendo esta a rama de actividade que experimentou un maior crecemento en termos absolutos, seguida da educación (CNAE 85), con 1.872 persoas afiliadas

(3,5% máis) e dos servizos de aloxamento (CNAE 55), cun aumento de 1.608 persoas, o que indica un crecemento do 17,2%, o que sitúa esta rama como a que rexistra un maior aumento en termos relativos.

No que respecta ás ramas de actividade que no ano 2022 rexistraron un maior descenso no número de persoas afiliadas destaca a fabricación de vehículos de motor, remolques e semiremolques (CNAE 29), cunha caída do 5,4% (861 afiliados menos que en 2021), seguida da agricultura, gandería e caza e servizos relacionados con elas (CNAE 01) cun 3,5% de caída na súa afiliación (1.205 persoas afiliadas menos), as actividades dos fogares (CNAE 97), as actividades relacionadas co emprego (CNAE 78) e a pesca e acuicultura (CNAE 03) con caídas do 3,3%, 3,1% e 1,2% respectivamente, completan a lista das cinco ramas de actividades con maior caída de afiliación no ano 2022 en Galicia.

Analizando a evolución mensual das ramas de actividade cun maior volume de afiliación, **gráfico 2.1.7.**, salienta que a afiliación nas actividades de comercio e hostalaría segue lixeiramente por debaixo da rexistrada en 2019 en todos os meses do ano, agás no mes de outubro no comercio onde practicamente se igualan. As actividades sanitarias e servizos sociais ou a educación presentan un número de afiliacións superior ao dos anos anteriores, agás a educación no mes de agosto que acada o menor nivel dos últimos tres anos.

Emprego segundo a EPA

A reactivación do mercado laboral iniciada no conxunto do Estado no segundo trimestre do ano 2021 cun aumento da poboación activa, creación de emprego e descenso do paro, non rexistrou o mesmo pulo na nosa Comunidade, onde o ano 2021 pechou con menos emprego e menor número de activos que no ano anterior.

Esta situación muda no ano 2022, onde Galicia, ao igual que o conxunto do Estado, rexistra un aumento do emprego e, en menor medida, da poboación activa. Así mesmo redúcese o nivel de paro estimado nun 4,5%.

Sen embargo, no ano 2022 Galicia segue sendo a se-

gunda Comunidade Autónoma con menor taxa de actividade (52,9%), e a cuarta con menor taxa de emprego (47,1%), rexistrando unha taxa de paro case dous puntos porcentuais por debaixo da media estatal.

Tal como se sinalou anteriormente, no ano 2022 o mercado de traballo en Galicia presenta unha medra interanual do 1,7% da poboación ocupada (18.650 persoas máis), o que supón un 0,8% máis, 8.550 ocupados máis que en 2019. Un ano máis, a creación do emprego e máis intensa na poboación feminina que na masculina, producíndose en maior medida en persoas con estudos superiores, no sector servizos, entre asalariados e en persoas de todos os rangos de idade agás as comprendidas entre 35 e 44 anos. No extremo oposto, redúcese a ocupación entre as persoas de menor nivel educativo, empresarios con e sen asalariados e no sector primario e industrial.

A poboación parada estimada pola EPA descende un 4,5% respecto ao ano precedente (6.475 persoas menos), o que contrasta coa medra do 9,2% no caso das persoas que se atopan nunha situación de desemprego de longa duración (3.500 persoas máis que no ano anterior). As persoas menores de 25 anos, estranxeiros e persoas con estudos primarios seguen a ser os colectivos máis afectados polo desemprego.

• Poboación activa

No ano 2022 afiánzase a tendencia iniciada no ano anterior cun incremento da poboación activa en Galicia do 1%, o que supón un aumento de 12.200 persoas, acadando así 1.240.400 persoas activas. A pesar de dous anos consecutivos de incremento da poboación activa en Galicia, esta segue sendo levemente inferior á rexistrada no ano 2019.

Tal como se observa no **cadro 2.1.8.**, o incremento da poboación activa no ano 2022 prodúcese na poboación feminina, diminuíndo levemente o volume de poboación activa masculina en relación ao ano anterior. En 2022 hai 12.325 mulleres activas máis (2,1%) fronte a 125 homes activos menos que en 2021. Tras esta evolución, Galicia conta con 638.900 homes activos e 601.500 mulleres ac-

Poboación maior de 16 anos 2008, 2019, 2021 e 2022: distribución segundo sexo, idade e a súa relación coa actividade económica

	2008			2019			2021			2022			22/21		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
				(en miles de persoas)									[%]		
Total															
Total	2.401,0	1.148,4	1.252,6	2.335,3	1.116,7	1.218,7	2.340,9	1.120,0	1.220,9	2.342,6	1.121,1	1.221,5	0,1	0,1	0,0
Activos	1.314,8	725,6	589,1	1.241,1	643,0	598,1	1.228,2	639,0	589,2	1.240,4	638,9	601,5	1,0	0,0	2,1
Poboación ocupada	1.201,2	672,3	528,9	1.095,2	573,9	521,3	1.085,1	571,3	513,8	1.103,7	574,5	529,2	1,7	0,6	3,0
Poboación parada	113,6	53,4	60,2	145,9	69,1	76,8	143,1	67,7	75,4	136,7	64,4	72,4	-4,5	-5,0	-4,0
Parados que buscan 1º emprego	10,0	3,3	6,7	12,0	6,4	5,6	12,0	6,7	5,4	12,2	6,2	6,0	1,3	-8,2	12,6
Poboación inactiva	1.086,3	422,8	663,5	1.094,3	473,6	620,6	1.112,7	481,0	631,7	1.102,2	482,2	620,0	-0,9	0,2	-1,9
16-24 anos															
Total	249,8	127,5	122,4	195,4	100,4	95,1	202,8	104,7	98,1	205,5	106,8	98,7	1,3	2,0	0,6
Activos	112,2	65,8	46,3	56,6	32,6	24,0	50,3	30,1	20,2	57,3	34,1	23,2	14,0	13,0	15,3
Poboación ocupada	88,5	53,4	35,2	40,9	23,4	17,4	34,1	20,7	13,4	38,7	23,2	15,4	13,6	12,2	15,1
Poboación parada	23,6	12,5	11,2	15,8	9,2	6,6	16,2	9,5	6,8	18,6	10,8	7,8	14,7	14,6	14,4
Parados que buscan 1º emprego	5,7	2,4	3,3	6,2	3,3	3,0	5,9	3,5	2,4	7,7	4,1	3,6	31,2	19,6	47,4
Poboación inactiva	137,7	61,6	76,1	138,8	67,8	71,1	152,6	74,6	78,0	148,3	72,8	75,6	-2,8	-2,4	-3,1
25-54 anos															
Total	1.224,9	610,9	614,0	1.096,7	546,0	550,8	1.070,2	533,0	537,2	1.056,8	526,2	530,7	-1,2	-1,3	-1,2
Activos	1.029,0	556,8	472,3	948,6	488,6	460,1	917,3	474,8	442,5	918,8	468,9	449,9	0,2	-1,2	1,7
Poboación ocupada	948,7	520,4	428,4	841,7	439,9	401,8	816,3	429,2	387,2	824,9	426,9	398,0	1,1	-0,5	2,8
Poboación parada	80,3	36,4	43,9	106,9	48,7	58,3	101,0	45,7	55,4	93,9	42,0	51,9	-7,1	-8,1	-6,2
Parados que buscan 1º emprego	4,0	1,0	3,0	5,6	3,1	2,5	6,0	3,1	2,9	4,4	2,0	2,5	-26,1	-37,6	-14,0
Poboación inactiva	195,9	54,2	141,7	148,1	57,4	90,7	152,9	58,2	94,7	138,1	57,3	80,8	-9,7	-1,6	-14,7
≥ 55 anos															
Total	926,4	410,1	516,3	1.043,2	470,3	572,9	1.067,9	482,3	585,6	1.080,2	488,1	592,1	1,2	1,2	1,1
Activos	173,7	103,1	70,6	235,8	121,8	114,0	260,6	134,2	126,5	264,3	135,9	128,4	1,4	1,3	1,5
Poboación ocupada	164,0	98,5	65,4	212,6	110,6	102,0	234,7	121,5	113,2	240,1	124,4	115,8	2,3	2,4	2,3
Poboación parada	9,7	4,5	5,2	23,2	11,2	12,0	25,9	12,7	13,3	24,2	11,6	12,7	-6,7	-8,5	-4,9
Parados que buscan 1º emprego	0,4	-	0,4	0,2	-	0,2	0,2	0,2	0,1	0,1	0,2	0,1	-23,8	0,0	0,0
Poboación inactiva	752,8	307,0	445,8	807,3	348,5	458,8	807,3	348,2	459,1	815,9	352,2	463,7	1,1	1,1	1,0

Fonte: INE, EPA

2.1.8.

tivas. No conxunto de España a poboación activa increméntase un 0,9%, acadando este incremento un 1% no caso das mulleres e un 0,9% nos homes.


A taxa de actividade aumenta no ano 2022 ata o 52,9%, catro décimas máis que no ano anterior, porcentaxe inferior á rexistrada no ano 2019 (53,1%) (**gráfico 2.1.9.**). En España a taxa de actividade aumenta unha décima porcentual para situarse no 58,6%.

Dado que a taxa de actividade se calcula como a porcentaxe do número total de activos sobre a poboación total de 16 ou máis anos, o estancamento do volume de poboación maior de 16 anos en Galicia no ano 2022, xunto ao incremento da poboación activa, determina o incremento de dita taxa.

En función do xénero a taxa de actividade ten unha evolución dispar no último ano; neste senso, ante incrementos moderados da poboación total maior de 16 anos tanto en homes como en mulleres, a poboación activa feminina medra significativamente fronte á leve caída no caso da poboación activa masculina, o que se reflicte nun aumento dun punto porcentual na taxa de actividade feminina (49,2%), fronte ao descenso dunha décima no caso da taxa de actividade masculina (57%). O diferencial entre ambas as dúas taxas é de 7,7 puntos porcentuais fronte aos 16,2 puntos existente en 2008 (8,8 puntos no ano anterior).

No conxunto do Estado, a taxa de actividade feminina aumentou ata o 53,8%, e a masculina ata o 63,7%, en ámbolos dous casos só unha décima máis que no ano

Taxas de actividade en Galicia e España 2008-22: distribución segundo sexos



Fonte: INE, EPA

2.1.9.

2021. Tanto para homes como para mulleres, un ano máis, Galicia rexistra as segundas taxas de actividade máis reducidas, tras Asturias.


O nomeado incremento de máis de doce mil persoas no volume de poboación activa galega no último ano, susténtase con aportacións de poboación dos distintos rangos de idade. Neste senso, no **cadro 2.1.8.**, observamos como no ano 2022, a poboación activa de 16 a 24 anos medra en 7.000 persoas (14% máis que no ano anterior) das que 3.900 son homes (13% máis) e 3.100 son mulleres (15,3% máis); a poboación activa de entre 25 a 54 anos medra en 1.475 persoas (0,2%) como consecuencia dun incremento de mulleres activas de 7.300 máis, o que compensa a perda de homes activos nesta franxa de idade que foi de 5.825 menos. Finalmente a poboación activa en Galicia maior de 55 anos medra en 3.675 persoas (1,4%), das que 1.900 son mulleres e 1.775 homes.

Atendendo á evolución trimestral, o aumento da poboación activa mantense nos catro trimestres do ano 2022, continuando a tendencia iniciada no segundo trimestre

do ano 2021. Tal como se observa no **gráfico 2.1.10.**, os axustes son positivos para a poboación activa feminina nos catro trimestres, acentuándose nos dous últimos con aumentos de 15.600 e 17.200 mulleres activas no terceiro e cuarto trimestre respectivamente en relación aos mesmos trimestres do ano anterior, fronte á caída de poboación activa masculina en estes dous últimos trimestres con 6.200 e 7.600 homes activos menos que no ano anterior respectivamente.

Atendendo á nacionalidade da poboación activa, no ano 2022 rexístrase un incremento da poboación activa estranxeira do 13,7% respecto ao ano anterior (9.475 persoas máis). A poboación activa de nacionalidade española en Galicia aumenta nun 0,2% en 2022, 2.725 persoas máis. A análise por xénero revela un incremento tanto de homes como de mulleres dentro da poboación activa estranxeira (en torno ao 15% de homes e o 12% de mulleres), fronte a un incremento do 1,5% das mulleres activas de nacionalidade española e unha caída do 0,9% da poboación activa masculina con nacionalidade española.

Poboación activa: variación interanual 2019-22



Fonte: INE, EPA

2.1.10.

Finalmente, cómpre facer unha breve referencia á Estatística de fluxos de poboación activa, que nos proporciona unha imaxe da relación da poboación co mercado laboral. No conxunto do ano 2022 un total de 56.225 persoas pasaron a formar parte da poboación activa en Galicia (media anual), o que supón 3.600 persoas menos respecto ao estimado para o ano anterior. No que respecta ao fluxo de saída, de media no ano 2022 en Galicia 53.675 persoas saen da actividade, cando no ano anterior o fixeran 55.175 persoas. Por tanto, no ano 2022 Galicia presenta un saldo positivo entre as entradas e as saídas da actividade de 1.050 persoas.

Os datos do **cadro 2.1.11.** mostran como o fluxo total de entrada á ocupación dende a inactividade sitúase de media no ano 2022 nas 22.975 persoas, cifra un 16,6% inferior á do ano anterior (4.575 persoas menos), no mesmo senso, o fluxo de saída da ocupación cara á inactividade foi de media de 25.600 persoas, o que supón 3.375 persoas menos que no ano 2021. O número de persoas que estaban paradas que pasan á situación de inactividade en 2022 ascende a 28.075 persoas, 1.875 persoas máis que a media do ano anterior (7,2%). Así mesmo, o fluxo de entradas ao

paro de persoas que eran consideradas persoas inactivas ascende a 33.250 persoas, o que supón 975 máis que en 2021 (3%).


As entradas á situación de actividade no marco laboral son inferiores nos dous semestres do ano 2022 en relación ao ano anterior, en senso contrario, no que respecta ás saídas da actividade, en Galicia, estas son inferiores no ano 2022 en relación tanto na primeira como na segunda metade do ano en relación ao ano anterior.

A nivel trimestral, o segundo trimestre do ano é o que rexistra unha maior entrada neta de poboación activa, con 10.300 persoas, e o cuarto trimestre do ano é o que presenta unha maior perda de poboación activa neta con 14.300 activos e activas menos.

• Poboación ocupada

O incremento interanual da poboación ocupada en Galicia no ano 2022 foi do 1,7%, o que supón 1.103.700 persoas ocupadas, 18.700 máis que no ano 2021. O incremento de ocupación no conxunto do Estado foi 1,4

Fluxos da poboación activa (persoas que entran e saen da actividade) 2022



Fonte: IGE, Estatística de fluxos da poboación activa

2.1.11.

puntos porcentuais superior ao rexistrado en Galicia, acadando un incremento do 3,1% (617.000 persoas ocupadas máis). O número de horas efectivas traballadas por toda a poboación ocupada mantense relativamente estable en Galicia en relación ao ano anterior (0,3% de incremento interanual), fronte ao aumento a nivel estatal do 1,2%.

En comparación co ano 2019, Galicia presenta en 2022 unha mellora do 0,8% no seu nivel de ocupación, en base fundamentalmente á incorporación feminina ao emprego.


A taxa de ocupación, entendida como o cociente entre o número de persoas ocupadas e a poboación en idade de traballar, mantén en 2022 a tendencia crecente, situándose esta taxa de ocupación en Galicia no 47,1% (tres décimas máis que no ano anterior). A taxa de ocupación no conxunto do Estado acada no ano 2022 o 51,1%, 1,21 puntos porcentuais superior á rexistrada

no ano anterior, este incremento na taxa de ocupación estatal prodúcese a pesar do aumento do 0,7% da poboación en idade de traballar; poboación que en Galicia mantense estancada.

Dende un punto de vista de posicioamento territorial, Galicia é a cuarta Comunidade Autónoma con menor taxa de emprego, tan só por diante de Asturias, Estremadura e Andalucía.

Tal como se sinalou anteriormente, tanto en relación ao ano 2019 como, en especial, en relación ao ano 2021, a poboación ocupada feminina medra en 2022 moi por encima da media, cun incremento do 1,5% en relación ao ano 2019 e do 3% en relación ao ano 2021. No ano 2022 a ocupación feminina aumenta en Galicia en 15.400 mulleres ocupadas máis, fronte a tan só un 0,6% no caso dos homes, 3.200 ocupados máis. A evolución da ocupación deriva en incrementos das taxas de ocupación feminina ata o 43,3% (1,3 puntos porcen-

Taxas de ocupación en Galicia e España 2008-22: distribución segundo sexo



Fonte: INE, EPA

2.1.12.

tuais máis que no anterior), e ata o 51,3% no caso da taxa masculina, só tres décimas máis que en 2021.


A nivel estatal, a recuperación do emprego no ano 2022 é máis intensa, acadando porcentaxes de incremento superiores ao 3%, e tamén máis homoxénea entre xéneros, cun incremento do emprego masculino do 2,9% e do feminino do 3,3%. As taxas de ocupación medias no Estado son superiores á media galega, situándose no ano 2022 no 56,6% e 45,9% para homes e mulleres respectivamente, o que indica importantes incrementos en torno a tres o dous puntos porcentuais en cada caso.

No **gráfico 2.1.13.** observamos a evolución trimestral da ocupación nos últimos catro anos, reflectindo a perda continuada de emprego en 2019 e 2020 ata o segundo trimestre do ano 2021 cando a poboación ocupada comeza a recuperación con fases de maior ou menor intensidade consecuencia dos rebotes da pandemia e das medidas artelladas para palialos. No ano 2022 os catro trimestres presentan variacións positivas da ocupación en relación aos mesmos trimestres do ano anterior, sendo tamén evidente no gráfico a diferente evolución entre a ocupación en función do xénero fundamentalmente nos dous últimos trimestres do ano.

No ano 2022 tamén se observa unha diferente evolución do emprego en función da idade da poboación, neste senso, en 2022 se incrementa o emprego en todas as franxas de idade agás na poboación con idades comprendidas entre 35 e 44 anos. En concreto, tal como mostra o **cadro 2.1.14.**, a ocupación medra entre as persoas maiores de 55 anos un 2,3% respecto ao ano anterior (5.400 persoas), un 3,5% entre as persoas con idades comprendidas entre 45 e 54 anos (11.600 persoas máis), no grupo de idade de 25 a 34 anos o incremento foi do 2,9% (5.100 persoas máis), situándose este incremento no 13,6% na poboación menor de 25 anos (4.600 persoas máis). Pola contra, o grupo con idades entre 35 e 44 anos perde un 2,6% de poboación ocupada (8.100 persoas menos).

Cruzando os datos de idade e xénero, as mulleres incrementan a súa ocupación en todas as franxas de idade, correspondendo o incremento máis salientable, en termos absolutos e o segundo máis importante en termos relativos, ás mulleres con idades comprendidas entre 45 e 55 anos, cun 5,1% máis de poboación feminina ocupada (8.000 mulleres máis). No que respecta á poboación masculina, no ano 2022 resulta salientable a perda de poboación ocupada con idades comprendidas entre 35 e 44 anos, con 8.700 homes ocupados menos.

Poboación ocupada, variación interanual 2019-22



Fonte: INE, EPA

2.1.13.

A evolución do emprego nos diferentes sectores económicos en 2022 en Galicia, mostra o incremento da ocupación no sector servizos e na construción, cunha ocupación un 2,8% e un 1,3% superior ao ano 2021 respectivamente. A ocupación no sector servizos e na construción sitúanse no ano 2022 por riba do rexistrado no ano 2019, cun 2,2% máis de emprego no sector servizos e cun 5,1% máis na construción que antes da pandemia.

A intensa recuperación de emprego nos sectores servizos e construción non se transmite do mesmo xeito á industria e ao sector primario que perden o 1,9% e o

1,2% do seu emprego respectivamente no ano 2022. Neste senso destaca que o sector industrial en 2022 ten un 6,7% menos de emprego que o rexistrado no ano 2019.

A nivel estatal, o único sector de actividade que perde ocupación no ano 2022 en relación ao ano anterior, é o sector primario, cunha caída do 3,5% do emprego. En comparación co que acontece no mercado laboral galego, destaca o incremento do 2,6% do emprego no sector industrial de media do Estado fronte á xa sinalada perda de ocupación no sector en Galicia.

Poboación ocupada en Galicia 2022: distribución segundo sectores económicos, situación profesional, ocupación, idade e nivel de formación acadado

	Galicia			Galicia/España			Galicia 22/19			Galicia 22/21		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
	(en miles de persoas)			(%)			(%)			(%)		
Total	1.103,7	574,5	529,2	5,4	5,2	5,6	0,8	0,1	1,5	1,7	0,6	3,0
Sectores económicos												
Primario	66,6	44,8	21,7	8,6	7,5	12,1	-0,3	7,1	-12,6	-1,2	0,6	-4,5
Industria	167,4	114,6	52,9	6,0	5,7	6,9	-6,7	-11,1	4,4	-1,9	-6,5	9,9
Construción	73,7	67,4	6,2	5,6	5,6	5,0	5,1	4,0	19,1	1,3	0,4	12,7
Servizos	796,1	347,8	448,4	5,1	4,9	5,4	2,2	2,8	1,8	2,8	3,2	2,5
Situación profesional												
Traballadores por conta propia	203,2	119,5	83,6	6,5	5,9	7,6	-6,2	-7,2	-4,8	-2,4	-3,2	-1,4
Empregador	67,8	40,5	27,2	6,9	6,0	8,7	3,0	1,0	6,0	-0,9	-4,3	4,3
Empresarios sen asalariados	129,5	76,2	53,3	6,4	5,9	7,2	-9,8	-10,8	-8,5	-2,6	-1,7	-3,9
Membros cooperativas	1,7	1,2	0,5	6,4	6,5	5,4	-5,5	50,0	-52,5	25,5	60,0	-26,9
Axuda na empresa ou negocio familiar	4,2	1,6	2,6	5,5	4,5	6,2	-23,7	-38,0	-14,2	-23,4	-44,6	-3,7
Asalariados	900,4	455,0	445,5	5,2	5,1	5,4	2,5	2,3	2,8	2,7	1,6	3,9
Sector público	194,3	78,6	115,7	5,6	5,3	5,7	3,7	4,5	3,2	-2,5	-3,2	-2,1
Sector privado	706,1	376,3	329,8	5,1	5,0	5,2	2,2	1,8	2,6	4,3	2,7	6,2
Outra situación	0,3	0,1	0,2	2,0	1,7	2,7	33,3	-50,0	-	-43,9	-62,5	-33,3
Ocupación												
Directores e xerentes	34,7	23,4	11,4	3,9	4,0	3,7	0,3	1,1	-1,5	-12,5	-13,3	-10,8
Técnicos e profesionais científicos e intelect.	200,3	77,6	122,7	5,1	4,7	5,4	6,8	-3,0	14,0	5,3	5,4	5,2
Técnicos e profesionais de apoio	125,1	78,0	47,1	5,2	5,3	5,1	4,9	2,5	9,1	-3,2	-4,0	-2,0
Empregados contables, admons. e outros empregados ofic.	97,0	29,7	67,3	4,6	4,4	4,7	-9,3	-13,5	-7,4	2,1	-1,9	3,9
Trab. servizos restaur., persoais, protecc. vend. comerc.	251,4	84,4	167,0	5,8	4,9	6,5	3,2	1,9	3,9	7,2	8,6	6,5
Trab. cualificado no sector primario	53,9	36,1	17,7	12,1	10,0	20,8	0,6	14,6	-19,8	1,4	8,2	-10,5
Trab. cualif. ind. manufact. construcc., minaría, agás operad.	143,8	126,5	17,3	6,7	6,4	9,9	-1,0	-1,7	3,9	0,8	0,6	2,4
Operadores	92,1	75,9	16,2	5,7	5,5	7,2	2,6	1,3	8,9	0,4	-2,4	16,2
Ocupacións elementais	99,9	38,0	61,9	4,1	3,6	4,4	-7,8	1,6	-12,7	-3,5	-4,6	-2,7
Ocupacións militares	5,6	5,1	0,5	5,2	5,3	4,4	-8,6	-2,4	-43,2	6,7	4,6	50,0
Grupos de idade												
16-24 anos	38,7	23,2	15,4	3,4	3,7	3,0	-5,3	-0,6	-11,5	13,6	12,2	15,1
25-34 anos	176,5	91,8	84,7	4,6	4,6	4,7	-7,5	-8,6	-6,2	2,9	3,3	2,6
35-44 anos	303,0	156,1	146,9	5,7	5,5	5,8	-8,0	-9,8	-6,1	-2,6	-5,3	0,4
45-54 anos	345,5	179,1	166,3	5,8	5,6	6,1	7,4	7,6	7,3	3,5	2,1	5,1
55 e máis anos	240,1	124,4	115,8	5,8	5,5	6,2	12,9	12,5	13,5	2,3	2,4	2,3
Nivel de formación acadado (1)												
Analfabetos	1,3	1,0	0,3	2,3	2,5	1,8	88,9	135,3	-45,0	240,0	150,0	22,2
Educación primaria	22,2	13,4	8,7	2,6	2,5	2,9	-28,4	-22,1	-36,3	-3,1	-11,4	13,7
Educación secundaria	553,0	321,9	231,1	5,5	5,4	5,6	-5,5	-3,7	-7,8	0,5	0,5	0,4
Educación superior	527,3	238,2	289,1	5,6	5,3	5,8	10,2	7,3	12,6	3,1	1,0	4,9

(1) Analfabetos comprende o código 01 da clasificación de programas e certificacións en niveis de formación acadados da CNED 2014.

Educación primaria inclúe estudos primarios incompletos e comprende os códigos 02 e 10 da clasificación de programas e certificacións en niveis de formación acadados da CNED 2014.

Educación secundaria comprende os códigos 21 a 24, e 32 da clasificación de programas e certificacións en niveis de formación acadados da CNED 2014.

Educación superior comprende os códigos 51, 52, 61 a 63, 71 a 75 e 81 da clasificación de programas e certificacións en niveis de formación acadados da CNED 2014.

Fonte: INE, EPA

2.1.14.


O **cadro 2.1.15.** mostra a evolución trimestral da poboación ocupada a nivel sectorial. Tal como aconteceu en 2021, no ano 2022 o sector servizos volve a ser o único que presenta crecementsos de ocupación en termos interanuais nos catro trimestres do ano; destacando o segundo trimestre cun incremento do 4,6% en relación ao mesmo período do ano anterior. O sector da construción, sendo positiva súa evolución en termos anuais, presenta caídas de emprego no segundo e

cuarto trimestres do ano en relación aos mesmos trimestres do ano anterior. O sector industrial perde ocupación en todos os trimestres do ano agás no primeiro cun emprego un 0,2% superior que o primeiro trimestre de 2021, destacando negativamente o cuarto trimestre do ano 2022 onde a ocupación na industria en Galicia é un 6,2% inferior á que se rexistraba no sector no cuarto trimestre de 2021. Finalmente a agricultura perde emprego nos cuarto trimestres do ano.

Poboación ocupada en Galicia e España 2008-22: distribución segundo sector

	Galicia				España			
	agricultura	industria	construción	servizos	agricultura	industria	construción	servizos
(en miles de persoas)								
2008	96,6	215,1	134,2	755,4	828,2	3.236,7	2.459,9	13.945,0
2013	74,4	153,3	69,3	709,4	736,6	2.355,5	1.029,5	13.017,5
2019	66,7	179,4	70,1	779,0	797,3	2.763,1	1.277,9	14.941,0
2020	69,1	182,4	75,1	747,8	765,4	2.698,2	1.244,1	14.494,8
2021	67,3	170,7	72,7	774,4	802,7	2.700,2	1.291,5	14.979,3
2022	66,6	167,4	73,7	796,1	774,8	2.771,3	1.321,0	15.523,4
I	61,9	168,9	75,6	785,0	827,7	2.697,1	1.316,3	15.243,6
II	64,4	168,4	73,8	798,6	789,3	2.776,6	1.338,2	15.563,9
III	68,9	169,6	75,1	800,2	729,0	2.809,8	1.328,8	15.678,2
IV	71,0	162,8	70,1	800,7	753,2	2.801,8	1.300,8	15.608,0
2022-21 (%)	-1,2	-1,9	1,3	2,8	-3,5	2,6	2,3	3,6
I	-6,6	0,2	7,7	4,0	3,7	2,1	4,3	5,1
II	-2,7	-0,2	-5,6	4,6	-2,7	4,2	1,0	4,7
III	-2,8	-1,3	5,9	0,2	-4,3	3,0	2,7	2,8
IV	7,7	-6,2	-1,8	2,6	-10,3	1,3	1,2	2,1

Taxas de variación interanuais



Fonte: INE, EPA

2.1.15.

A importancia do sector servizos queda patente cando se observa o seu peso na ocupación: o 72% das persoas ocupadas en Galicia traballan neste sector, que acolle no ano 2022 en Galicia a 796.100 persoas; a nivel estatal este sector representa o 76,1% do total de persoas ocupadas.

Atendendo á súa desagregación segundo rama de actividade (**cadro 2.1.16.**), no ano 2022 das principais ramas de actividade a única que perde ocupación é a da Administración pública e defensa; seguranza social obrigatoria cunha caída do 4,8% da poboación ocupada; pero se comparamos os ocupados en 2022 cos existentes en 2019 xunto coa rama sinalada da Administración, a rama

da hostalaría segue un 14,4% por debaixo da ocupación rexistrada antes da pandemia; neste senso a hostalaría en Galicia no ano 2022 é a que presenta un maior incremento de ocupación (9,5% máis) rexistrando 6.100 empregos máis que en 2021 aínda que segue por debaixo da ocupación prepandémica con 11.800 empregos menos que os existentes en 2019.

Xunto coa hostalaría, as actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais son as segundas cun maior incremento relativo de ocupación, (5%), e as primeiras cun maior incremento en termos absolutos, con 7.900 ocupados máis que no ano 2021, e 13.700 máis que en 2019.

Poboación ocupada e número medio de horas efectivamente traballadas en Galicia 2022: distribución segundo sexo e ramas de actividade

	Poboación ocupada			22/21			22/19		
	2022			22/21			22/19		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
	(en miles de persoas)			(taxa variación interanual)			(taxa variación interanual)		
Total	1.103,7	574,5	529,2	1,7	0,6	3,0	0,8	0,1	1,5
Sector Primario	66,6	44,9	21,7	-1,2	0,9	-4,4	-0,1	7,2	-12,9
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	47,4	29,8	17,6	0,6	3,5	-3,3	-5,0	6,0	-19,6
Pesca e acuicultura	19,2	15,1	4,1	-5,4	-3,8	-8,9	14,3	9,4	36,7
Industria	167,4	114,6	52,8	-1,9	-6,5	9,8	-6,6	-11,1	4,1
Industrias extractivas	3,4	2,7	0,7	-17,1	-28,9	133,3	-22,7	-35,7	133,3
Industria manufacturera	156,7	106,8	49,9	0,9	-3,1	10,6	-4,9	-7,6	1,2
Enerxía, subministro de auga e xestión de residuos	7,3	5,1	2,2	-35,4	-40,7	-18,5	-27,7	-44,0	100,0
Construción	73,6	67,4	6,2	1,2	0,3	12,7	5,0	3,9	19,2
Servizos	796,2	347,7	448,3	2,8	3,2	2,5	2,2	2,7	1,7
Comercio por xunto e ao retalho; reparación de vehículos de motor e motocicletas	176,2	83,7	92,4	4,3	2,1	6,3	3,4	0,0	6,5
Transporte e almacenamento	54,6	42,6	12,0	4,4	-0,7	27,7	14,0	17,4	3,4
Hostalaría	70,1	28,9	41,2	9,5	16,1	5,4	-14,4	-15,5	-13,6
Act. de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais	166,1	86,7	79,4	5,0	6,6	3,3	9,0	10,6	7,3
Admón. pública e defensa; seguranza social obrigatoria	67,8	39,4	28,4	-4,8	-1,5	-9,3	-3,0	1,5	-8,7
Educación	73,6	21,9	51,7	2,5	0,9	3,2	6,2	-9,1	14,1
Actividades sanitarias e de servizos sociais	109,0	22,3	86,7	-0,3	-6,7	1,5	3,5	10,4	1,9
Resto de servizos	78,8	22,2	56,5	0,3	9,4	-3,1	-3,7	-2,6	-4,4

	Número medio de horas efectivamente traballadas			22/21			22/19		
	2022			22/21			22/19		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
	(en horas)			(taxa variación interanual)			(taxa variación interanual)		
Total	32,1	34,4	29,6	0,3	0,0	1,0	-4,5	-4,4	-4,5
Sector Primario									
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	45,3	46,4	43,2	-0,7	2,2	-5,7	0,2	2,2	-4,0
Pesca e acuicultura	29,5	32,7	19,3	-0,3	3,8	-19,2	2,4	10,8	-26,1
Industria									
Industrias extractivas	39,8	40,4	37,5	14,0	16,1	6,2	6,1	7,4	4,2
Industria manufacturera	33,6	34,4	31,9	1,5	1,2	3,6	-6,1	-6,5	-4,8
Enerxía, subministro de auga e xestión de residuos	33,2	34,2	31,0	0,3	3,6	-6,9	-2,1	-1,2	11,5
Construción	34,0	34,3	30,9	-3,1	-3,9	10,8	-6,6	-6,3	-9,1
Servizos									
Comercio por xunto e ao retalho; reparación de vehículos de motor e motocicletas	33,3	35,6	31,1	0,9	0,6	1,0	-4,3	-4,3	-4,3
Transporte e almacenamento	34,1	35,9	28,0	1,2	2,0	2,6	-4,2	-3,5	-9,4
Hostalaría	35,3	36,7	34,3	11,7	6,4	15,5	-4,1	-8,5	-0,6
Act. de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais	31,8	33,9	29,5	-0,9	-3,1	1,0	-2,2	-2,3	-2,3
Admón. pública e defensa; seguranza social obrigatoria	29,3	29,8	28,6	-0,3	-0,7	-0,3	-6,7	-5,7	-8,6
Educación	25,0	27,2	24,1	-3,8	-0,7	-5,1	-7,4	-1,8	-9,7
Actividades sanitarias e de servizos sociais	29,5	32,3	28,8	-0,3	3,9	-1,4	-5,1	-6,9	-4,6
Resto de servizos	26,4	29,5	25,2	-1,1	-6,3	0,4	-2,9	-10,1	-0,4

Fonte: IGE-INE, EPA

2.1.16.

No ano 2022 en Galicia o sector servizos incrementa a súa ocupación en 21.800 persoas, distribuíndose este incremento de xeito homoxéneo entre homes e mulleres, con 10.700 homes e 10.900 mulleres máis que en 2021. En termos relativos o incremento de ocupación é máis acusado entre os homes cun 3,2%, fronte ao 2,5% de variación interanual da ocupación feminina no sector. Non obstante, o comportamento por xénero é desigual entre as distintas ramas de actividade. Dunha banda, a caída do emprego na Administración pública

e defensa; seguranza social obrigatoria é significativamente superior entre as mulleres, reducíndose a ocupación un 9,3% (2.900 mulleres ocupadas menos) fronte ao 1,5% entre os homes (600 homes menos). Doutra banda, o incremento da ocupación na educación (2,5%; 1.800 persoas) rexístrase principalmente entre as mulleres con 1.600 ocupadas máis, fronte a só 200 homes máis. No caso das actividades sanitarias e de servizos sociais, no ano 2022 incrementábase en 1.300 as mulleres ocupadas o que compensa en parte a perda

de 1.600 empregos masculinos, polo que esta rama de actividade esta cada vez máis feminizada, onde oito de cada dez persoas que traballan no sector son mulleres. Nas actividades comerciais o incremento da ocupación feminina foi do 6,3% (5.500 persoas), máis do triplo do estimado para os homes (2,1%; 1.700 persoas).

O sector industrial ocupa a 167.400 persoas en Galicia no último ano, o que supón o 15,2% da ocupación total, 1,6 puntos porcentuais máis que no conxunto do Estado. En relación ao ano anterior, o emprego redúcese un 1,9%, o que supón unha diminución de 3.300 persoas. Dentro do sector industrial a destrución de emprego prodúcese nas industrias extractivas e nas industrias de enerxía, subministro de auga e xestión de residuos, incrementándose o emprego dentro das industrias manufactureiras. Tanto en termos relativos como absolutos, o maior descenso rexístrase nas industrias do subsector enerxético (-35,4%), por diante das industrias extractivas (-17,1%); no subsector manufactureiro o emprego medra un 0,9%. En termos absolutos, o subsector enerxético perde 4.000 empregos, as industrias extractivas perden 700 empregos e as industrias manufactureiras compensan parcialmente a caída de emprego no sector industrial galego cun aumento de 1.400 empregos en 2022. Tras esta evolución, a ocupación total no subsector manufactureiro aumenta ata as 156.700 persoas, o que supón o 93,6% do emprego industrial galego.

No que respecta á ocupación na construción, no ano 2022 acada un total de 73.600 persoas, un 1,2% máis que no ano anterior (900 persoas máis), o que representa o 6,7% da ocupación galega (6,5% en España).

Un ano máis a poboación ocupada no sector primario continúa coa tendencia descendente, aínda que no ano 2022 ralentízase o descenso de ocupación con caídas trimestrais cada vez menores ata acadar un incremento de ocupación no último trimestre do ano, cun 7,7% máis de emprego que no mesmo trimestre do ano anterior. A caída de ocupación no sector primario en Galicia no ano 2022 foi do 0,9% para situarse nas 66.600 persoas, 800 persoas menos que no ano anterior, acoñecendo o 6% da poboación ocupada en Galicia (3,8% en


España). A diferenza do que acontecera nos dous anos anteriores, 2022 caracterízase por un leve incremento da ocupación no sector agrario, forestal e gandeiro fronte á caída experimentada no sector pesqueiro e acuícola. Tras unha medra interanual do 0,9% na agricultura, gandaría e forestal (400 persoas ocupadas máis) o sector acolle un total de 47.400 persoas, en tanto que o sector pesqueiro emprega a 19.200 persoas, un 5% menos que no ano precedente (1.000 persoas menos).

Dentro do subsector agrogandeiro, a evolución da ocupación mostra unha perda de emprego feminino do 3,3% en relación ao ano anterior (600 ocupadas menos) fronte ao incremento do emprego masculino do 3,5% (1.000 ocupados máis). Se a comparativa se realiza co ano 2019, a perda de emprego feminino no subsector agrogandeiro acada o 19,6% (4.300 ocupadas menos), acadando o emprego masculino un incremento do 6% (1.700 ocupados máis que en 2019).

No sector pesqueiro a perda de ocupación afecta tanto a homes como a mulleres, aínda que con maior intensidade ao emprego feminino; neste senso en relación co ano 2021, en 2022 o sector pesqueiro perde un 8,9% de ocupadas e un 3,8% de ocupados, o que implica 600 homes e 400 mulleres ocupadas menos no subsector pesqueiro; pola contra se a comparación se realiza co ano 2019, o subsector pesqueiro galego aumenta no ano 2022 en 2.400 persoas a súa ocupación, dos que 1.300 son homes e 1.100 mulleres.

Atendendo á desagregación da poboación ocupada segundo a súa situación profesional (**gráfico 2.1.17.**), o mercado de traballo galego presenta no último ano unha caída das persoas ocupadas por conta propia e un incremento das asalariadas, o que reproduce a mesma evolución que na media do Estado. Neste senso, tras un incremento interanual do 2,7% dos traballadores e traballadoras por conta allea, Galicia conta con 900.400 asalariados (24.000 persoas máis que no ano anterior), o que representa o 81,6% da súa poboación ocupada, tres puntos por baixo da media española (84,6%). No que respecta ás persoas traballadoras por conta propia, en Galicia diminúen un 2,4% en relación ao ano ante-

**Evolución trimestral da ocupación 2019-22: distribución segundo situación profesional.
Taxas de variación interanual**



Fonte: IGE-INE, EPA

2.1.17.

rior, acadando as 203.200, 5.100 persoas menos que no ano anterior, representando o 18,4% da poboación ocupada en Galicia (15,3% en España).

Dentro da poboación ocupada por conta propia no ano 2022 en Galicia cae o número de homes empregadores e de empresarias e empresarios sen asalariados, fronte ao aumento no número de mulleres empregadoras. No ano 2022 en relación ao ano anterior, o número das persoas empresarias con asalariados cae un 0,9% (600 persoas menos), producíndose este descenso exclusivamente entre os homes (-4,3%) fronte ao incremento no número de mulleres empregadoras (4,3%). No caso das persoas empresarias sen asalariados, a caída foi do 2,6% (3.500 persoas menos), un descenso

que se rexistra tanto entre os homes (-1,7%) como nas mulleres, neste último caso con maior intensidade (-3,9%).

O incremento no emprego por conta allea prodúcese en exclusiva pola medra das persoas asalariadas no sector privado que no ano 2022 acada as 706.100, un 4,3% máis que no ano anterior, o que supón 29.000 persoas asalariadas no sector privado máis que as rexistradas no ano 2021, superando tamén en máis de quince mil persoas ás rexistradas no ano 2019. O devandito incremento no número de asalariados no sector privado contrasta coa perda de 5.000 asalariados no sector público, un 2,5% menos que no ano anterior, aínda que o ano 2022 rexistra un número de asalaria-

dos públicos un 3,7% superior ao do ano 2019. A diferenza do acontecido en Galicia, o mercado laboral estatal presenta incrementos tanto no número de persoas asalariadas no sector público (1,1% máis) como no privado (4,4% máis).

Replicando o comportamento de anos anteriores, a recuperación do emprego asalariado prodúcese con maior intensidade entre as mulleres que entre os homes. O número de mulleres asalariadas en Galicia no ano 2022 é de 445.500, 16.700 máis que no ano anterior, un 3,9% de incremento, consecuencia do aumento en 19.200 asalariadas no sector privado que compensa a perda de 2.400 asalariadas no sector público. O número de asalariados varóns acaba en Galicia no ano 2022 os 455.000, o que supón 7.300 máis que en 2021, un incremento do 1,6% consecuencia do incremento en 9.800 asalariados no sector privado e a perda de 3.200 asalariados no sector público

Atendendo á desagregación segundo o nivel formativo, o 50,1% das persoas ocupadas posúen estudos secundarios ou equivalentes (553.000 persoas), sendo esta porcentaxe nove décimas superior á media española (49,2%); así mesmo, o 47,8% da poboación ocupada galega acredita estudos superiores (527.300 persoas), porcentaxe un punto e medio superior á rexistrada de media no Estado (46,4%). Tendo en conta o nivel formativo e o xénero das persoas ocupadas en Galicia no ano 2022, o peso relativo da ocupación masculina segue a ser superior á feminina no caso das persoas con estudos secundarios (58,2% dos homes ocupados fronte ao 41,8% das mulleres), fronte á poboación con estudos superiores, onde o 54,8% das mulleres ocupadas posúen esta titulación fronte ao 45,2% no caso dos homes.

No ano 2022 en Galicia hai 18.700 persoas ocupadas máis que no ano anterior, esta creación de emprego concéntrase de xeito moi importante entre as mulleres con estudos superiores, así este colectivo rexistra 13.400 ocupadas máis que en 2021, o que supón un incremento do 4,9%. O número de homes con estudos superiores se incrementa, aínda que dun xeito máis moderado (2.500 homes máis; 1% máis). As persoas con estudos secundarios tamén aumentan en número

de ocupados, con 2.500 empregos máis, un 0,5% de aumento. No que respecta á ocupación das persoas con estudos primarios, un ano máis descende no conxunto do ano en 700 persoas ocupadas, sendo destacable o incremento no número de mulleres ocupadas con estudos primarios (1.100 máis) que non compensa totalmente a redución de ocupados masculinos con este nivel de formación (1.700 menos).

No que á nacionalidade das persoas ocupadas se refire, o ano 2022 resulta singular na medida en que o 61% do incremento interanual das persoas ocupadas en Galicia se corresponde con persoas de nacionalidade estranxeira; o que supón 11.425 persoas estranxeiras ocupadas máis en Galicia, un incremento do 22,6%, fronte ao incremento do 0,7% das persoas ocupadas con nacionalidade española (7.575 persoas máis). Esta evolución hai que valorala tendo en conta que as persoas con dobre nacionalidade están rexistradas estatisticamente como españolas.

Tanto en termos relativos como absolutos, o incremento da ocupación estranxeira feminina é superior á masculina, neste senso á ocupación feminina estranxeira aumenta un 28,1% en termos interanuais (6.475 mulleres máis) e a ocupación entre os homes medra un 17,8% (4.900 homes máis). Fronte ao intenso incremento dos ocupados con nacionalidade estranxeira, a poboación ocupada masculina con nacionalidade española cae un 0,3% en 2022 e a poboación feminina con nacionalidade española medra un 1,8% en termos interanuais.

Os datos de ocupación por nacionalidade e idade mostran como dentro da poboación con nacionalidade estranxeira os maiores incrementos prodúcense entre a poboación con idades comprendidas entre 45 e 54 anos con 7.800 ocupados máis, repartidos case ao 50% entre homes e mulleres; pola contra o incremento entre a poboación ocupada con nacionalidade española rexístrase con maior intensidade entre persoas entre 25 e 34 anos, con 6.200 ocupados máis, sendo destacable a perda de case dez mil ocupados de nacionalidade española con idades entre 35 e 44 anos.

Finalmente destacar que no mercado laboral galego no

Poboación ocupada segundo a frecuencia coa que traballa no seu domicilio particular 2020-22: distribución segundo sexo

	Poboación ocupada	Poboación ocupada que teletraballa			Ningún día	Non sabe
		Total	Ocasionalmente	Máis da metade dos días que traballou		
(miles de persoas)						
Total						
2020/II	1.050,4	180,5	35,5	145,0	855,8	14,1
2020/III	1.082,6	139,3	54,0	85,3	936,3	7,0
2020/IV	1.080,9	129,3	59,0	70,3	943,8	7,8
2021/I	1.059,8	145,6	64,2	81,4	908,2	6,0
2021/II	1.076,7	148,3	69,1	79,2	921,5	7,0
2021/III	1.112,5	130,2	59,7	70,5	977,7	4,6
2021/IV	1.091,3	143,2	75,0	68,2	943,6	4,5
2022/I	1.091,4	140,5	64,0	76,5	946,3	4,6
2022/II	1.105,2	143,0	77,8	65,2	956,8	5,5
2022/III	1.113,8	120,0	55,8	64,2	988,3	5,4
2022/IV	1.104,5	130,7	63,5	67,2	966,3	7,5
Homes						
2020/II	552,8	87,4	21,3	66,1	457,4	8,0
2020/III	576,9	70,8	27,5	43,3	502,7	3,4
2020/IV	571,4	65,3	30,1	35,2	502,8	3,3
2021/I	558,1	75,8	33,8	42,0	479,9	2,4
2021/II	565,1	80,7	39,0	41,7	480,9	3,4
2021/III	587,1	69,2	31,4	37,8	515,7	2,2
2021/IV	574,9	74,0	39,6	34,4	498,5	2,5
2022/I	575,7	73,5	33,6	39,9	499,8	2,4
2022/II	574,8	72,7	39,5	33,2	499,9	2,3
2022/III	579,1	62,2	29,3	32,9	513,6	3,4
2022/IV	568,5	66,5	31,5	35,0	497,9	4,2
Mulleres						
2020/II	497,6	93,1	14,3	78,8	398,4	6,1
2020/III	505,7	68,4	26,4	42,0	433,7	3,6
2020/IV	509,5	64,1	29,0	35,1	441,0	4,5
2021/I	501,6	69,7	30,4	39,3	428,3	3,7
2021/II	511,7	67,5	30,1	37,4	440,6	3,6
2021/III	525,4	60,9	28,3	32,6	462,0	2,4
2021/IV	516,4	69,3	35,4	33,9	445,1	2,0
2022/I	515,7	66,9	30,4	36,5	446,5	2,2
2022/II	530,4	70,3	38,3	32,0	456,9	3,2
2022/III	534,6	57,9	26,5	31,4	474,7	2,0
2022/IV	536,0	64,1	32,0	32,1	468,5	3,4

Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa

2.1.18.

ano 2022 as porcentaxes de poboación ocupada con máis de 45 anos e con menos de 35 son do 54% e 19% da poboación ocupada con nacionalidade española fronte ao 35% e 29% respectivamente para a poboación con nacionalidade estranxeira.

Teletraballo

O teletraballo, que irrompeu no mercado laboral en resposta aos problemas de mobilidade e sanitarios derivados da pandemia da covid-19, unha vez superada esa situación parece que se expande en base ás vantaxes que pode ter, tanto para empresas como para tra-

balladores, así como para a propia economía, nun momento no que os custos enerxéticos están en alza.

No cuarto trimestre do ano 2022 en Galicia teletraballan 130.700 persoas, o 11,8% da poboación ocupada. Do total de poboación ocupada que teletraballa, o 51,4% faíno máis da metade dos días laborais (67.200 persoas), mentres que o 48,6% restante (63.500 persoas) teletraballa ocasionalmente. En termos de media anual, en 2022 hai 8.300 persoas teletraballando menos que no ano anterior.

A distribución por xénero non reflicte variacións impor-

tantes entre homes e mulleres en relación ao teletraballo, de xeito que teletraballa o 12% da poboación ocupada masculina e o 12,2% da feminina. No ano 2022 de media rexístranse 35.300 homes e 31.800 mulleres que teletraballan máis da metade dos días que traballaron, cifras que, en ambos casos, son inferiores ás do ano 2021.

Temporalidade e duración da xornada de traballo

Máis alá dos efectos positivos sobre o mercado laboral da recuperación da actividade económica, na análise dos datos sobre temporalidade e contratación no ano 2022 hai que ter en conta sen dúbida a entrada en vigor do Real-Decreto Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

No que respecta ao tema que nos ocupa, a reforma laboral ten efectos directos en canto se modifica a regulamentación da contratación temporal, cun reforzo da presunción do carácter indefinido do contrato de traballo así como coa esixencia de xustificación causal do contrato laboral.

A reforma laboral aprobada pretende a redución da temporalidade optando por restrinxir os supostos nos que se admite a contratación temporal, reducindo as modalidades contractuais, sendo as seguintes as principais novidades neste ámbito:

- Desaparece o Contrato por obra e servizo.
- Contrato por circunstancias da produción: introdúcese unha nova modalidade contractual que ven a substituír o anteriormente denominado contrato eventual, á que se poderá acudir cando se produza ou ben un incremento da actividade ocasional e imprevisible (max 6 meses ampliable a 12) ou ben cando o incremento sexa ocasional e previsible (max 90 días por ano non continuados).
- Contrato de interinidade pasa a denominarse contrato de substitución
- Poténcianse os contratos fixos discontinuos como alternativa á contratación temporal.

– Os contratos formativos pasan a ter dúas modalidades, por unha banda o antigo contrato de aprendizaxe pasa a denominarse contrato de formación en alternancia no que se compatibiliza a actividade laboral coa formación (min 3 meses max 2 anos), e por outra banda o antigo contrato en prácticas pasa a ser o contrato para a obtención da práctica profesional, destinado a aquelas persoas que estean en posesión dun título que habilite para o exercicio da actividade laboral, dentro dos tres anos seguintes ao remate dos estudos (min 6 meses max 1 ano).

A distribución da poboación ocupada estimada pola EPA en Galicia no ano 2022, segundo tipo de contrato e sector (**cadro 2.1.19.**), reflicte unha medra do número de persoas asalariadas con contrato indefinido do 9,7% (64.300 persoas máis) fronte ao descenso do 18,8% estimado entre aquelas con contratos temporais (40.300 persoas menos). O mercado laboral español presenta taxas de variación interanuais semellantes ás galegas no que respecta ao incremento no número de persoas asalariadas con contratos indefinidos (9,2%), así como unha menor caída no caso dos contratos temporais (-12,6%).

O descenso no número de persoas asalariadas con contratos temporais prodúcese tanto en mulleres como en homes, con descensos de 23.700 e 16.600 homes e mulleres respectivamente, o que en termos relativos implica un descenso do 24% no número de homes con contrato temporal e do 14% no de mulleres.

Por outra banda, no caso das persoas asalariadas con contratos indefinidos, o incremento prodúcese tanto para homes como para mulleres, sendo a contratación indefinida de mulleres máis relevante tanto en termos absolutos como relativos, con 33.300 contratadas máis (31.000 homes máis), sendo este aumento en termos relativos do 10,6% nas mulleres e do 8,9% nos homes.

Tras esta evolución, a taxa de temporalidade en Galicia cae ata o 19,4%, máis de cinco puntos porcentuais inferior á rexistrada en 2021, e 1,7 puntos porcentuais in-

Persoas asalariadas e taxa de temporalidade en Galicia e España 2021-22: distribución segundo tipo de contrato, sector e sexo

	2022								
	Contrato indefinido		Contrato temporal		Total		Taxa de temporalidade		
	sector público	sector privado	sector público	sector privado	sector público	sector privado	sector público	sector privado	Total
	(en miles de persoas)						(%)		
Galicia	136,6	589,5	57,7	116,6	194,3	706,1	29,7	16,5	19,4
Homes	61,9	317,3	16,8	59,0	78,6	376,3	21,3	15,7	16,7
Mulleres	74,8	272,2	41,0	57,6	115,7	329,8	35,4	17,5	22,1
España	2.392,6	11.213,4	1.096,0	2.549,8	3.488,6	13.763,2	31,4	18,5	21,1
Homes	1.122,2	6.135,4	353,6	1.327,0	1.475,7	7.462,3	24,0	17,8	18,8
Mulleres	1.270,4	5.078,0	742,4	1.222,9	2.012,9	6.300,9	36,9	19,4	23,6

	2021								
	Contrato indefinido		Contrato temporal		Total		Taxa de temporalidade		
	sector público	sector privado	sector público	sector privado	sector público	sector privado	sector público	sector privado	Total
	(en miles de persoas)						(%)		
Galicia	141,1	520,7	58,2	156,4	199,3	677,1	29,2	23,1	24,5
Homes	62,6	285,6	18,6	80,9	81,2	366,5	22,9	22,1	22,2
Mulleres	78,5	235,1	39,6	75,5	118,1	310,6	33,6	24,3	26,9
España	2.383,6	10.072,3	1.065,6	3.104,2	3.449,1	13.176,5	30,9	23,6	25,1
Homes	1.110,4	5.513,7	334,7	1.626,8	1.445,1	7.140,6	23,2	22,8	22,8
Mulleres	1.273,2	4.558,6	730,9	1.477,4	2.004,1	6.036,0	36,5	24,5	27,5

Fonte: INE, EPA

2.1.19.

inferior á estimada para o conxunto do España. A pesar da importante caída da temporalidade nos dous xéneros, esta segue sendo superior no caso das mulleres que dos homes, situándose no 16,7% e no 22,1%, respectivamente, sendo en ambos os dous casos inferior á media estatal (18,8% e 23,6%).

Atendendo á distribución segundo sector, a sinalada caída da temporalidade explícase polo comportamento no ámbito privado. Mentres que a taxa de temporalidade no sector público aumenta cinco décimas ata o 29,7%, no sector privado a taxa de temporalidade se sitúa no ano 2022 en Galicia no 16,5%, 6,6 puntos menos que no ano anterior. Tal como acontecía nas taxas de temporalidade por xénero, as taxas en función do sector, acadan tamén valores superiores no conxunto do Estado, rexistrándose un diferencial máis acusado no ámbito privado (18,5%) que no público (31,4%).

O incremento no número de persoas asalariadas en Galicia no ano 2022, ven acompañado por un maior nú-

mero de persoas que traballan tanto a tempo parcial como a tempo completo. Neste senso a poboación ocupada a tempo completo en Galicia é de 979.200 persoas, un 1,1% máis que no anterior, e a poboación ocupada a tempo parcial acada as 154.600 persoas, un 5,6% máis que en 2021. Por tanto en termos relativos a poboación con xornada a tempo parcial se incrementa en Galicia catro veces máis que a poboación a tempo completo; isto contrasta co acontecido de media no conxunto do Estado, onde o tempo completo presenta taxas de variación interanual significativamente máis elevadas que na ocupación a tempo parcial (3,5% e 0,6%, respectivamente).

Tras esta evolución, o peso relativo dos ocupados a tempo parcial na poboación ocupada galega aumenta ata o 14% (13,5% no conxunto do Estado), polo que as persoas ocupadas a tempo completo, supoñen o 86% do total en Galicia (86,5% en España).

A desigualdade de xénero segue estando moi marcada

Poboación ocupada en Galicia e España 2022: distribución segundo tipo de xornada de traballo

	Total		Homes		Mulleres	
	tempo completo	tempo parcial	tempo completo	tempo parcial	tempo completo	tempo parcial
(en miles de persoas)						
Galicia	949,2	154,6	539,1	35,5	410,2	119,1
España	17.632,8	2.757,8	10.245,7	719,5	7.387,0	2.038,4

	Total		Homes		Mulleres	
	tempo completo	tempo parcial	tempo completo	tempo parcial	tempo completo	tempo parcial
(taxa de variación interanual %)						
Galicia	1,1	5,6	0,4	3,7	2,1	6,2
España	3,5	0,6	2,9	3,6	4,4	-0,4

Fonte: INE, EPA

2.1.20.

na contratación por tipo de xornada, xa que o 77% da poboación ocupada a tempo parcial en Galicia son mulleres, porcentaxe lixeiramente superior ao do ano anterior, sendo o peso relativo das mulleres no emprego a tempo completo do 43,2% do total, catro décimas máis que no 2021.

No último ano en Galicia hai un total de 119.100 mulleres ocupadas a tempo parcial, 7.000 máis que no ano anterior (6,2%), fronte aos 35.500 homes, 1.300 máis que no ano precedente (3,7%). Ao mesmo tempo, o emprego das mulleres a tempo completo aumenta un 2,1%, acadando as 410.200 persoas (8.400 mulleres máis), pola contra os homes experimentan un incremento moito menor, un 0,4% (2.000 persoas) acadando así os 539.100 homes con contrato a tempo completo.

As ramas de actividade que presentan un maior peso das xornadas de traballo a tempo parcial pertencen ao sector servizos. En termos absolutos destacan as actividades de comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas, con 29.800 persoas ocupadas cunha xornada parcial, e as actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais, con 25.300 persoas, o que representa o 19,3% e 16,4% das persoas ocupadas a tempo parcial. En termos relativos cómpre destacar que o 22,3% do emprego total na hostalería está ocupado a tempo parcial (21,9% no ano anterior) fronte ao 16,9% da actividade

comercial e o 15,2% das actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais.

Por último, no que respecta ás motivacións para optar por un tipo de xornada, o 48,8% das persoas ocupadas a tempo parcial en Galicia no ano 2022 teñen unha xornada parcial por non poder atopar un traballo de xornada completa. Segundo os datos da EPA, no último ano un total de 75.400 persoas ocupadas consideran que este é o principal motivo para ter un contrato a tempo parcial, sendo esta porcentaxe do 52,7% no caso dos homes (18.700 persoas) e do 47,6% no das mulleres (56.700 persoas). No caso das mulleres, o coidado de nenos ou de adultos sitúase como segundo motivo, co 22% (26.200 mulleres), en tanto que entre os homes o segundo motivo está vinculado a cursos formativos, cun 10,1% (3.600 homes). Finalmente, en 2022 aumenta o número de persoas ocupadas a tempo parcial por non querer un traballo a tempo completo (2.300 persoas máis), rexistrándose un aumento tanto entre mulleres (2.000 persoas máis) como entre homes (300 máis). Tras esta evolución das 14.500 persoas nesta situación, 12.100 son mulleres e 2.400 homes.

Fluxos de entrada no mercado de traballo. Contratacións

As modificacións na contratación introducidas pola reforma laboral, tanto no que se refire aos novos modelos

Contratos de traballo en Galicia 2008-22: distribución segundo modalidade e duración do contrato

	Total	A tempo completo	A tempo parcial	Fixo discontinuo	Indefinidos	Convertidos en indefinidos	Temporais
		(Total = 100)			(Total = 100)		
2008	794.170	75,2	24,2	0,6	5,8	5,2	89,0
2013	706.778	62,7	36,7	0,5	4,4	3,2	92,4
2019	1.086.121	62,8	36,5	0,7	4,3	4,0	91,7
2020	749.217	65,8	33,3	0,8	4,8	4,4	90,9
2021	918.214	64,8	34,4	0,8	4,8	5,0	90,2
2022	845.243	60,4	31,4	7,7	23,8	8,1	68,1

Fonte: IGE, *Movemento laboral rexistrado*.

2.1.21.

de contratos, a os requisitos necesarios para poder optar por algún tipo de contrato temporal así como ao feito de que se impoña unha aposta pola contratación indefinida, están entre as principais causas da caída no número de contratos asinados en 2022. Neste senso, en Galicia no ano 2022 asináronse un total de 845.243 contratos, un 7,9% menos que no ano anterior, o que en termos absolutos supón case 73.000 contratos menos. A caída do número de contratos ven ocasionada pola caída da contratación temporal que pasa de representar máis do 90% do total de contratos no ano 2021 ao 68% no ano 2022, en paralelo aumentan o número tanto de contratos indefinidos como as conversión de contratos a indefinidos como analizaremos a continuación.

Os efectos da reforma laboral sobre a evolución da contratación fanse evidentes no **gráfico 2.1.22.**, onde observamos como (con maior intensidade no mes de marzo, mes no que entra en vigor gran parte da reforma), a contratación temporal cae, de forma que a partir de marzo a contratación temporal mensual en termos absolutos é a menor de todos os anos analizados, pola contra, os contratos indefinidos se incrementan, de forma que a contratación de indefinidos ordinarios mes a mes é a máis elevada de todos os anos analizados, ata acadar picos de máis de 23.000 contratos asinados nos meses de xullo e setembro.

Atendendo á evolución das contratacións ao longo do ano, o **gráfico 2.1.22.** reflicte que as contratacións rexistradas en 2022 son inferiores ás rexistradas en 2019


en todos os meses e inferiores ás do ano anterior no segundo semestre do ano.

Do total de contratos, 777.062 corresponden a contratos iniciais (574.723 contratos temporais e 202.339 de duración indefinida) e os restantes 68.181, a contratos convertidos en indefinidos. Comparado co ano anterior, a devandita redución interanual de contratos prodúcese exclusivamente no caso dos contratos temporais, cunha caída do 30,6% (252.918 contratos menos), fronte ao incremento dos contratos de duración indefinida, cun 352% (157.553 contratos máis). As conversións en indefinidos aumentaron tamén no último ano un 49%, o que supón 22.394 contratos máis. O conxunto de España presenta un comportamento similar ao rexistrado en Galicia, cun aumento levemente superior nos contratos indefinidos (361%) e unha caída máis acusada na contratación temporal (-34,7%).

No ano 2022, o 68% dos contratos en Galicia son contratos de duración temporal, o 24% contratos indefinidos e o 8% correspondente ás conversións en indefinidos; estas porcentaxes contrastan cos pesos relativos da contratación no ano 2021 que eran do 90%, 5% e 5% respectivamente.

Dentro da contratación inicial indefinida, os homes con 105.341 contratos asinan o 52% do conxunto de contratos indefinidos asinados en Galicia no ano 2022, acadando as mulleres o 48% restante con 96.998 contratos, en ambos casos estas cifras son máis de catro veces superiores ás rexistradas no ano anterior.

Evolución mensual do número de contratos asinados en Galicia 2008-2022: distribución segundo duración



(1) Os contratos indefinidos ordinarios do ano 2008 inclúen os de fomento do emprego da lei 63/1997
 Fonte: IGE, Movemento laboral rexistrado.

2.1.22.

Tendo en conta os tramos de idade, os contratos indefinidos asinados en Galicia en 2022 concéntranse en maior medida no grupo de persoas maiores de 45 anos. Os contratos indefinidos asinados por mulleres maiores de 45 anos representan o 30% do total de contratos asinados por elas, dous puntos por riba do peso relativo no caso dos homes (28%). Por contra, as persoas que menos contratos indefinidos asinan son as persoas con idades comprendidas entre 40 e 44 anos, ao asinar o 12,7% dos contratos entre os homes e o 12,1% entre as mulleres.

Asemade, do total de contratos indefinidos ordinarios iniciais asinados o 42,6% son a xornada completa (61,3% no ano 2021), o 28% a tempo parcial (26,4% no

ano anterior) e o 27,3% restante fixos discontinuos (12,3% en 2021). En canto á contratación e tipo de xornada tamén merece atención a importante diferenza que existe entre homes e mulleres xa que o 52,5% dos contratos indefinidos asinados por homes son contratos a tempo completo fronte ao 31,8% no caso das mulleres, o que contrasta co 18,1% dos contratos indefinidos a tempo parcial entre os homes fronte ao 38,7% entre as mulleres.

Especial mención merece a evolución ao longo do ano 2022 dos contratos fixos discontinuos asinados. Tal como se sinalou na introdución deste apartado, o número de contratos fixos discontinuos pasou de 5.435

Contratos de traballo asinados en Galicia e España 2022: distribución segundo tipo

	Total		Homes		Mulleres		Galicia / España	22/21	
	(%)		(%)		(%)			Galicia (%)	España
Contratos de duración indefinida	202.339	23,9	105.341	24,4	96.998	23,4	3,6	351,8	360,9
Indefinido ordinario	201.029	23,8	104.532	24,2	96.497	23,3	3,5	354,9	362,7
Indefinido persoas con discapacidade	1.310	0,2	809	0,2	501	0,1	7,2	119,1	109,2
Contratos de duración temporal	574.723	68,0	289.248	67,1	285.475	68,9	5,1	-30,6	-34,7
Obra ou servizo	41.670	4,9	24.316	5,6	17.354	4,2	3,2	-84,9	-81,4
Eventual segundo circunstancias da produción	422.454	50,0	220.432	51,1	202.022	48,8	5,5	-7,6	-10,8
Mellora ocupabil. Inserción laboral	2.871	0,3	1.412	0,3	1.459	0,4	1,4	nc	nc
Financiación fondos europeos	1.213	0,1	953	0,2	260	0,1	5,4	nc	nc
Substitución	80.940	9,6	26.405	6,1	54.535	13,2	5,4	nc	nc
Temporais pers. discapacidade	1.498	0,2	943	0,2	555	0,1	5,9	-6,4	14,5
Relevo	166	0,0	85	0,0	81	0,0	2,0	-34,6	1,4
Xubilación parcial	1.022	0,1	766	0,2	256	0,1	4,0	18,8	10,3
C. de substitución por xubilación aos 64 anos	1	0,0	0	0,0	1	0,0	0,9	-94,1	-82,1
Obtención práctica profesional	3.985	0,5	2.233	0,5	1.752	0,4	6,2	nc	nc
Formación en alternancia	2.974	0,4	1.468	0,3	1.506	0,4	7,4	nc	nc
Outros contratos	15.929	1,9	10.235	2,4	5.694	1,4	4,8	266,7	336,1
Contratos convertidos en indefinidos	68.181	8,1	36.547	8,5	31.634	7,6	5,1	48,9	51,8
Total contratos	845.243	100	431.136	100	414.107	100	4,6	-7,9	-5,5

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal, *Estadística de contratos*

2.1.23.

en 2021 a 59.138 en 2022, pasando de representar o 0,8% do total de contratos de traballo ao 7,7% en 2022. En termos relativos, en Galicia os contratos de fixos discontinuos incrementáronse en 11 veces en relación ao ano anterior, incremento semellante ao rexistrado a nivel estatal. Este incremento está en gran medida provocado polas restricións á contratación temporal e pola eliminación do contrato de obra e servizo.

No concernente ao número de contratos temporais, no conxunto do ano 2022 asináronse un total de 574.723 contratos, o que representa o 68% do total de contratos asinados na Comunidade Autónoma. Do total de contratos temporais asinados, o 50,3% (289.248 contratos) corresponden a homes e o 49,7% a mulleres (285.475). No conxunto do ano a contratación temporal diminúe en maior medida entre os homes, asinándose un 33% menos de contratos que no ano anterior fronte ao descenso do 28% entre as mulleres.

As modificación nas tipoloxías de contratación e en concreto a eliminación do contrato de obra ou servizo,

determina a súa diminución nun 85% en Galicia, pasando a ser o contrato eventual segundo circunstancias da produción o máis numeroso con 422.454 contratos, o que supón que sete de cada dez contratos temporais asinados en Galicia no ano 2022 son contratos eventuais segundo circunstancias da produción. Hai que ter en conta, tal como se sinalou na introdución deste apartado, que esta nova tipoloxía de contrato está limitado temporalmente, en función de que o incremento da actividade para o que está pensado sexa ocasional e imprevisible poderá asinarse por un máximo de 6 meses ampliable a 12, ou ben cando o dito incremento sexa ocasional e previsible que poderá asinarse por un máximo de 90 días por ano non continuados.

As principais diferenzas entre os contratos asinados por homes e mulleres prodúcense no caso dos contratos de substitución, o anteriormente denominada contrato de interinidade, cuxo peso relativo na contratación temporal en Galicia entre os homes é do 9,6%, e entre as mulleres acada o 13,2%.

Contratos iniciais segundo duración do contrato 2021-22

	2022			2021			22/21
	(%)	(%)		(%)	(%)		(%)
Total	790.966	100		886.709	100		-10,8
Indefinidos	211.583	26,7		47.333	5,3		347,0
Temporais	579.383	73,3	100	839.376	94,7	100	-31,0
Menos de 1 semana	232.039	29,3	40,0	248.281	28,0	29,6	-6,5
De 1 semana a 1 mes	102.991	13,0	17,8	111.027	12,5	13,2	-7,2
De 1 a 6 meses	128.811	16,3	22,2	166.714	18,8	19,9	-22,7
De 6 meses a 1 ano	10.096	1,3	1,7	23.364	2,6	2,8	-56,8
Máis de 1 ano	1.739	0,2	0,3	2.309	0,3	0,3	-24,7
Indeterminado	103.707	13,1	17,9	287.681	32,4	34,3	-64,0

Nota: A clasificación dos contratos faise segundo de residencia do traballador independentemente de que o contrato se rexistrase dentro da Comunidade galega ou fóra dela

Fonte: IGE, *Movemento laboral rexistrado*.

2.1.24.

Contratos iniciais de traballo en Galicia e España 2022: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		Galicia/ España
	(% / total)	(%)	(% / total)	(%)	
Sector primario	25.898	3,3	2.187.947	12,9	1,2
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	25.898	3,3	2.187.947	12,9	1,2
Industria	124.419	16,0	1.794.067	10,6	6,9
Industrias extractivas	545	0,1	5.914	0,0	9,2
Industria manufacturera	118.545	15,3	1.674.312	9,9	7,1
Subministro enerxía eléctrica, gas, vapor e A.A.	335	0,0	8.313	0,0	4,0
Sum. agua, act. saneam., xestión de residuos e descontaminación	4.994	0,6	105.528	0,6	4,7
Construción	28.869	3,7	900.829	5,3	3,2
Servizos	597.876	76,9	12.094.586	71,2	4,9
Comercio por xunto e polo miúdo, reparación vehículos motor.	91.146	11,7	1.837.770	10,8	5,0
Transporte e almacenamento	82.921	10,7	1.120.057	6,6	7,4
Hostalería	140.684	18,1	2.813.604	16,6	5,0
Información e comunicación	26.325	3,4	632.415	3,7	4,2
Actividades financeiras e seguros	3.502	0,5	78.851	0,5	4,4
Actividades inmobiliarias	871	0,1	46.633	0,3	1,9
Activ. prof. cient.e tecn.	20.197	2,6	503.927	3,0	4,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	63.899	8,2	1.559.525	9,2	4,1
Admón. publ. def. e sso.	19.857	2,6	449.601	2,6	4,4
Educación	26.799	3,4	609.749	3,6	4,4
Activ. san. e serv. soc.	43.866	5,6	1.136.642	6,7	3,9
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento.	52.468	6,8	812.663	4,8	6,5
Outros servizos	13.780	1,8	252.425	1,5	5,5
Actividades do fogar	11.423	1,5	237.811	1,4	4,8
Act. de organiz. e organismos extra-territoriais	138	0,0	2.913	0,0	4,7
Total	777.062	100	16.977.429	100	4,6

Nota: Contratos según a localidade do centro de traballo.

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal, *Estadística de contratos*

2.1.25.

No que respecta ao índice de rotación laboral, calculado tendo en conta o número de contratos temporais formalizados no último ano e o número de persoas asalariadas temporais, descende en Galicia ata os 3,3 contratos por persoa asalariada temporal, 0,6 contratos menos que no ano anterior, caendo este índice no conxunto do Estado ata os 3,1 contratos (4,1 contratos en 2021). A pesar de que o grao de rotación diminúe en 2022 tanto para homes como para mulleres, este segue a ser sensiblemente superior no caso dos homes, acadando en Galicia os 3,8 e 2,9 contratos por home e muller asalariada temporal, respectivamente. No conxunto do Estado este indicador sitúase en 3,5 contratos entre os homes e 2,7 entre as mulleres, lixeiramente inferior ao rexistrado en Galicia en ambos casos.

Atendendo á duración dos contratos, a desaparición do contrato por obra e servizo, implica que os contratos temporais máis numerosos no ano 2022 non sexan os de duración indeterminada, como viña sendo habitual en anos anteriores, senón os contratos por menos dunha semana que concentran o 40% dos contratos temporais e o 29,3% da contratación inicial total en Galicia no ano 2022. Séguelle en importancia os que teñen unha duración entre 1 e 6 meses que, tras unha caída do 23%, representan o 22,2% dos contratos temporais. Tal e como se desprende do **cadro 2.1.24.**, no ano 2022 todos os contratos temporais, indistintamente da súa duración, teñen unha variación interanual negativa. A caída da contratación temporal non evita que o 42,3% dos contratos iniciais en Galicia no ano 2022 tivesen unha duración inferior a un mes, e que case seis de cada dez contratos asinados foran por menos de seis meses.

Atendendo aos sectores de actividade, tal como se mostra no **cadro 2.1.25.**, o 76,9% do total de contratos iniciais son asinados no sector servizos (597.876 contratos), seguido da industria co 16% do total (124.419 contratos), da construción co 3,7%, e do sector primario cunha porcentaxe do 3,3% (28.869 e 25.898 contratos, respectivamente). Os catro grandes sectores presentan unha forte caída da contratación, en termos relativos a industria é o sector que presenta un descenso interanual máis acusado, cun -20,8% (32.708

contratos menos), seguido da construción cun descenso na súa contratación do 19,2% (6.882 contratos menos), do sector primario cun 14,6% menos de contratación (4.422 menos) e finalmente o sector servizos que no ano 2022 asinou un 7,9% menos de contratos que no ano anterior (51.353 contratos menos).

Tal como se sinalou anteriormente, case oito de cada dez contratos de traballo en Galicia corresponden ao sector servizos; neste sector destacan polo seu número os contratos eventuais por circunstancias da produción, que representan o 53,4% do total de contratos iniciais do sector e o 76% do total de contratos eventuais por circunstancias da produción rexistrados en Galicia no último ano. Na mesma liña no sector industrial o contrato eventual por circunstancias da produción é o máis utilizado, co 66,8% dos contratos asinados polo sector no ano 2022.


Os contratos predominantes na construción e no sector primario corresponden aos contratos indefinidos, ao representar o 57% e 48,2% dos contratos iniciais asinados en cada un dos ditos sectores.

Desagregando a nivel de rama de actividade, a hostalaría sitúase como a actividade que concentra o maior número de contratos, con 140.684, o 18,1% das contratacións iniciais galegas, seguida da industria manufacturera que rexistra un total de 118.545 contratos (15,3%). A continuación, estarían as actividades de comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor, con 91.146 contratos (11,7%) e as actividades de transporte e almacenamento, con 82.921 contratos (10,7%).

O **gráfico 2.1.26.** amosa a evolución mensual das contratacións na industria do automóbil, así como do comercio, hostalería e o transporte, onde se aprecia como a partir do mes de marzo, as contratacións nos sectores do comercio e o transporte son inferiores ás rexistradas nos mesmos meses do ano anterior, circunstancia que na hostalaría se retrasa ata o mes de xuño.

Finalmente, o peso relativo da contratación inicial en Galicia acada no ano 2022 o 4,6%, salientando o peso

Evolución mensual do número de contratos asinados en Galicia 2019-2022: distribución principais ramas de actividade



Fonte: IGE, Movemento laboral rexistrado.

2.1.26.

relativo da contratación na industria extractiva, que representa o 9,2% do total estatal, así como do transporte e almacenamento, cun 7,4%, e o da industria manufacturera que representan o 7,1% do conxunto do Estado.

Expedientes de regulación temporal de emprego (ERTE)


O Real Decreto Lei 32/2021 puxo fin a partir do 31 de marzo de 2022 aos ERTE por covid tal e como se levaban a cabo a partir de marzo de 2020, instrumento que se demostrou fundamental para afrontar o impacto negativo do covid-19 no mercado laboral. A nova reforma laboral non suprime nin os ERTE por circunstancias eco-

nómicas, técnicas, organizativas ou da produción (ETOP), nin os ERTE de forza maior, pero modifica as condicións administrativas para solicitalos.


Por outra banda, a reforma aprobada artella novos tipos de ERTE baseados no mecanismo RED para facer fronte a situacións de crise xerais ou sectoriais. Estes novos ERTE serán activados polo Consello de Ministros, e terán dúas modalidades, cíclico cando se aprecie unha conxuntura macroeconómica xeral que aconselle a adopción de instrumentos adicionais de estabilización cunha duración máxima dun ano, e sectorial cando en un determinado sector/es de actividade se aprecien cambios permanentes que xeren necesidades de recualificación e de procesos de transición profesional das

Expedientes de regulación temporal de empleo 2022: solicitudes aprobadas e traballadores afectados

Evolución mensual



Datos acumulados



Fuente: Consellería de emprego e igualdade

2.1.27.

persoas traballadoras, cunha duración máxima dun ano ampliable a dous.

Segundo os datos facilitados pola Consellería de Emprego e Igualdade, o número total de solicitudes de ERTE aprobadas no conxunto do ano 2022 acumuladas a 31 de decembro ascendeu a 519, fronte ás 6.179 do ano anterior, en tanto que o número de persoas traballadoras afectadas se sitúa en 19.295 (35.659 en 2021) (gráfico 2.1.27.).

Os datos publicados polo Ministerio de Inclusión, Se-

guridade Social e Migracións reflicten as empresas e número de traballadores acollidos a ERTE, antes e despois da entrada en vigor da Reforma laboral. Tendo isto en conta só se contabilizan as empresa e traballadores acollidos a ERTEs covid-19 ata abril de 2022, de forma que a 31 de marzo de 2022 había 1.429 empresas e 3.630 traballadores afectados a este tipo de ERTE.

A 31 de decembro de 2022 o número de persoas protexidas por un expediente de regulación temporal de emprego ascende en Galicia a 853 persoas, das que 698 están acollidas a un ERTE-ETOP, 115 a un ERTE por

Empresas e número de persoas acollidas a un Expediente de regulación temporal de emprego 2022 ⁽¹⁾

	ERTES NON COVID		ERTES COVID19		TOTAL		TRABALLADORES POR TIPO DE SUSPENSION			
	Empresas	Traballadores	Empresas	Traballadores	Empresas	Traballadores	Parcial	Total		
Xaneiro	163	866	1.717	4.358	1.880	5.224	2.646	2.578		
Febreiro	164	933	1.669	4.421	1.833	5.354	2.706	2.648		
Marzo	166	1.739	1.429	3.630	1.595	5.369	2.257	3.112		
Abril (2)	-	-	-	-	-	-	-	-		
ETOP (ART. 47.1 E.T.)		FORZA MAIOR (art. 47.5 e 7.6 E.T.)		SECTORIAL AXENCIAS VIAJES (art. 47 bis)		TOTAL		TRABALLADORES POR TIPO DE SUSPENSION		
	Empresas	Traballadores	Empresas	Traballadores	Empresas	Traballadores	Empresas	Traballadores	Parcial	Total
Maio	209	1.616	13	46	27	158	249	1.820	510	1.310
Xuño	194	1.044	11	39	32	106	237	1.189	404	785
Xullo	194	1.410	11	39	23	62	228	1.511	359	1.152
Agosto	184	994	12	97	25	61	221	1.152	343	809
Setembro	191	1.650	12	95	23	46	226	1.791	339	1.452
Outubro	168	935	14	117	24	46	206	1.098	340	758
Novembro	177	2.226	14	92	21	42	212	2.360	308	2.052
Decembro	154	698	15	115	19	40	188	853	291	562

(1) Último día de cada mes

(2) Cambio metodoloxía

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

2.1.28.

Expedientes de regulación temporal de emprego 2022: distribución segundo principais ramas de actividade

ERTE por Forza Maior

	Solicitudes tramitadas		Traballadores afectados	
	(número)	(%)	(número)	(%)
56 Servicios de comidas e bebidas	35	6,7	156	0,8
93 Actividades deportivas, recreativas e de entretemento	13	2,5	146	0,8
Subtotal	48	9	302	1,6
Total xeral	519	100	19.295	100

ERTE por razóns Económicas, Técnicas, Organizativas e de Producción

	Solicitudes tramitadas		Traballadores afectados	
	(número)	(%)	(número)	(%)
47 Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicetas	35	6,7	77	0,4
29 Fabricación de vehículos a motor, remolques e semirremolques	30	5,8	6.569	34,0
56 Servicios de comidas e bebidas	26	5,0	103	0,5
25 Fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipamento	20	3,9	926	4,8
49 Transporte terrestre e por tubaxe	19	3,7	294	1,5
Subtotal	130	25,0	7.969	41,3
Total xeral	519	100	19.295	100

ERTE por mecanismo Rede Sectorial - Axencias de Viaxe

	Solicitudes tramitadas		Traballadores afectados	
	(número)	(%)	(número)	(%)
79 Actividades de axencia de viaxes, operadores turísticos, reservas.	18	3,5	77	0,4
Total xeral	519	100	19.295	100

Fonte: Consellería de Emprego e Igualdade

2.1.29.

forza maior e 40 a un ERTE sectorial aprobado para o sector das axencias de viaxes (**cadro 2.1.28.**).

Dende un punto de vista sectorial, **cadro 2.1.29.**, segundo os datos de ERTE correspondentes ao ano 2022 acumulados a 31 de decembro, a rama de actividade con maior número de solicitudes de ERTE de forza maior tramitadas e aprobadas e maior número de persoas traballadoras afectadas son os servizos de comidas e bebidas (CNAE 56), que concentra o 6,7% das solicitudes totais (35) e o 0,8% dos traballadores protexidos (156 persoas), seguido polas actividades deportivas, recreativas e de entretemento (CNAE 93) que acolle o 2,5% das solicitudes e o 0,8% das persoas afectadas (13 solicitudes e 146 persoas).

En relación ás solicitudes e traballadores protexidos por un ERTE por razóns económicas, técnicas, organizativas e de produción, un total de 35 solicitudes tramitadas en 2022 corresponden ao sector de comercio ao retalho, salvo de vehículos de motor e motocicletas (CNAE 47) que afectaron a 77 persoas, o que representa o 0,4% do total de traballadores afectados por ERTE. A fabricación de vehículos a motor, remolques e semirremolques (CNAE 29), solicitou 30 ERTE-ETOP afectando a 6.569, o 34% do total de traballadores afectados por ERTE en Galicia no ano 2022.

Aprobouse un ERTE polo mecanismo Rede Sectorial dirixido ás actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos e reservas que recibiu 18 solicitudes e afectou a 77 traballadores.

Poboación parada

Os datos estimados pola Enquisa de Poboación Activa (EPA) reflicten unha caída do desemprego en Galicia no ano 2022. A poboación parada en Galicia descende no último ano ata as 136.700 persoas, das que 72.350 son mulleres (53%) e 64.350 son homes (47%). O desemprego redúcese un 4,5% (6.475 persoas menos), este descenso é moito máis moderado que no conxunto do Estado que rexistrou un 11,8% de paro menos que no ano anterior. A pesar desta menor caída do paro en Galicia, a taxa de paro galega segue estando por debaixo

da media estatal, sendo do 11% e do 12,9% respectivamente.

Tanto en termos absolutos como si temos en conta as taxas de paro, o desemprego afecta en maior medida ás mulleres que aos homes. A poboación parada feminina baixou no ano 2022 en 3.000 persoas, sendo esta caída de 3.400 no caso dos homes; estimándose un total de 72.400 mulleres e 64.400 homes parados en Galicia.

Atendendo aos valores das taxas de paro, entre as mulleres esta taxa foi case dous puntos superior á dos homes, situándose no 12% para as mulleres e no 10,1% para os homes. O diferencial entre homes e mulleres é máis acusado no conxunto do Estado, onde a taxa de paro feminino descende ata o 14,8%, 3,5 puntos máis elevada que o desemprego entre os homes (1,9 puntos en Galicia).

Atendendo á distribución provincial, as catro provincias presentan taxas de paro inferiores á media estatal, pero só a provincia de Lugo presenta unha taxa de paro inferior á media galega; Lugo acada unha taxa de paro do 8,8%, sendo a provincia de Pontevedra cun 12,7% a que rexistra a taxa de paro máis elevada das catro provincias galegas. Pontevedra non só presenta as taxas de desemprego máis elevadas senón tamén acada un diferencial entre elas de 3,2 puntos o máis elevado das catro provincias. Asemade, cómpre mencionar que a taxa de paro feminina é superior á masculina en todas as provincias.

Comparado co ano anterior, todas as provincias galegas, agás Ourense, reducen as súas taxas de paro. Ourense incrementa a súa taxa de paro en catro décimas, consecuencia tanto do incremento nunha décima da taxa de paro masculina como do aumento en seis décimas da taxa de paro feminina nesa provincia. Na provincia de Lugo as taxas seguen unha evolución desigual, caendo en seis décimas a taxa de paro masculina e aumentando en tres décimas a feminina.

As provincias de A Coruña e Pontevedra reducen as súas taxas de paro en sete décimas e 1,2 puntos respectivamente, reducíndose tamén en ambos casos as taxas de

Poboación parada 2022: distribución segundo sexo, nivel de formación acadada, tempo de procura de emprego e idade

	Galicia			22/21			Taxa de paro		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
	(en miles de persoas)			(en miles de persoas)			(%)		
Total	136,7	64,4	72,4	-6,5	-3,4	-3,0	11,0	10,1	12,0
Nivel de formación acadado									
Analfabetos	0,3	-	0,3	0,1	0,0	0,1	16,9	-	47,6
Estudios primarios incompletos	0,8	0,4	0,4	-0,7	-0,5	-0,3	31,4	23,4	35,9
Estudios primarios	6,3	3,8	2,6	1,1	0,7	0,3	23,5	23,4	23,8
Educación secundaria primeira etapa	46,8	24,1	22,6	-2,1	-2,4	0,2	13,3	11,6	15,9
Educación secundaria segunda etapa con orientación xeral	18,6	8,3	10,3	-3,6	-1,4	-2,2	12,7	10,7	14,9
Educación secundaria segunda etapa con orientación profesional	17,9	9,3	8,5	3,2	2,8	0,4	12,9	11,9	14,0
Educación superior	46,2	18,5	27,7	-4,3	-2,6	-1,7	8,1	7,2	8,7
Grupos de idade									
16 - 24 anos	18,6	10,8	7,8	2,4	1,4	1,0			
25 - 34 anos	31,7	15,6	16,2	-3,9	-2,1	-1,7			
35 - 44 anos	29,9	12,3	17,6	-3,1	-1,0	-2,2			
45 - 54 anos	32,3	14,2	18,2	-0,1	-0,6	0,5			
55 anos e máis	24,2	11,6	12,7	-1,7	-1,1	-0,6			
Tempo de procura de emprego									
Xa atopou emprego	10,6	4,7	5,9	2,3	0,0	2,3			
Menos de 1 mes	10,7	4,6	6,1	0,6	-0,6	1,3			
De 1 mes a menos de 3 meses	23,7	11,9	11,8	4,9	3,1	1,8			
De 3 meses a menos de 6 meses	16,3	8,2	8,2	-1,1	-0,7	-0,4			
De 6 meses a menos de 1 ano	15,8	7,6	8,3	-6,2	-2,2	-4,1			
De 1 ano a menos de 2 anos	18,4	8,8	9,6	-10,5	-4,9	-5,5			
2 anos ou máis	41,2	18,6	22,6	3,5	1,9	1,7			

Fonte: IGE-INE, EPA

2.1.30.

paro masculinas e femininas, sendo destacable pola súa intensidade a caída da taxa de paro feminina na provincia de Pontevedra que se reduciu en 1,9 puntos.

En relación á desagregación segundo grupos de idade (**cadro 2.1.31.**), rexístrase a redución da taxa de paro tanto para os menores de 25 anos como para o conxunto de persoas de 25 ou máis anos. Dunha banda, a taxa de paro nos menores de 25 anos descende ata o 32,4% en Galicia, tres décimas menos que no ano anterior, porcentaxe que se sitúa aínda significativamente por riba da de 2019 tendo en conta o forte impacto da crise no desemprego xuvenil (27,8% en 2019). Doutra banda, a redución da taxa de desemprego nos maiores de 25 anos acada un nivel inferior ao existente en 2019 (10% e 11%, respectivamente).

A redución das taxas de paro no ano 2022 segue man-

téndose en todas as franxas incluso se temos en conta as idades intermedias reflectidas no **cadro 2.1.31.** A taxa de paro das persoas máis novas cae ata o 43,1%, 2,3 puntos menos que en 2021 pero aínda 1,8 puntos máis que en 2019; entre as persoas de 20 a 24 anos a taxa de paro se reduce lixeiramente respecto ao ano anterior para situarse no 30,6% dúas décimas menos que en 2021 (25,5% no ano 2019). A diferenza do que acontece nos devanditos grupos de idade, a taxa de paro correspondente ás persoas con idades comprendidas entre 25 e 54 anos presenta no último ano un valor inferior ao estimado para o ano 2019, situándose no 10% e 11,3%, respectivamente. Por último, no caso dos maiores de 55 anos a taxa de paro descende ata o 9,2%, sete décimas menos que no ano 2019.

Atendendo ao nivel formativo, e ao igual que nos dous anos anteriores, tan só as persoas con estudos superio-

Taxas de paro en Galicia e España 2008-22: distribución segundo grupos de idade

	2008	2019	2021	2022	2022				22/21
					I	II	III	IV	
	(%)				(%)				(en puntos %)
Menores de 25 anos									
Galicia	21,1	27,8	32,7	32,4	32,0	34,9	32,5	30,4	-0,2
España	24,5	32,5	34,9	29,7	30,2	28,5	31,0	29,3	-5,2
De 16 a 19 anos									
Galicia	31,3	41,4	45,4	43,1	37,8	55,3	40,2	39,2	-2,3
España	39,4	45,2	51,7	45,8	46,4	48,7	45,4	42,8	-5,9
De 20 a 24 anos									
Galicia	18,6	25,5	30,8	30,6	31,0	31,2	30,9	29,2	-0,3
España	20,2	29,8	31,6	26,2	26,8	24,1	27,6	26,5	-5,4
25 e máis anos									
Galicia	7,5	11,0	10,8	10,0	10,5	10,1	9,6	9,7	-0,8
España	9,7	12,8	13,4	11,7	12,5	11,3	11,2	11,7	-1,7
De 25 a 54 anos									
Galicia	7,8	11,3	11,0	10,2	10,7	10,2	9,9	10,1	-0,8
España	10,1	12,9	13,5	11,7	12,6	11,2	11,4	11,8	-1,8
De 55 e máis anos									
Galicia	5,6	9,9	9,9	9,2	9,7	9,8	8,9	8,3	-0,8
España	7,1	12,2	12,9	11,4	12,3	11,7	10,5	11,1	-1,5
Total									
Galicia	8,6	11,8	11,7	11,0	11,4	11,2	10,8	10,6	-0,6
España	11,3	14,1	14,8	12,9	13,7	12,5	12,7	12,9	-1,9

Fonte: INE, EPA

2.1.31.

res presentan unha taxa de paro inferior á media galega, situándose no 8,1%, nove décimas por baixo do estimado no ano anterior (7,7% en 2019). A pesar do seu importante descenso, as taxas de paro máis elevadas obsérvanse no grupo de persoas que posúen como máximo estudos primarios, co 23,5%, 1,2 puntos menos que no ano anterior. Entre as persoas cuxo nivel de estudos sexa a primeira etapa da educación secundaria, a taxa de paro descende ata o 13,3%, catro décimas menos que no ano precedente.

No que atinxe ao tempo utilizado na procura de emprego e á incidencia do desemprego de longa duración, os datos reflectidos no devandito **cadro 2.1.30.** reflicten un descenso importante no número de persoas desempregadas que levaban máis dun ano en situación de desemprego; neste senso o número de persoas nesta situación descende en 7.000, polo que as persoas desempregadas de longa duración (máis dun ano) pasan de representar o 46,5% das persoas desempregadas en 2021 ao 43,6% no ano 2022. A incidencia do desemprego de longa duración é superior


entre as mulleres (44,4%) que entre os homes (42,7%).

Unha situación máis preocupante é a das persoas que levan máis de dous anos na procura de emprego: en Galicia en 2022 hai 41.200 persoas nesta situación, 3.500 máis que no ano anterior, das que 22.600 son mulleres e 18.600, homes.

No ano 2022 descende nun 5% a poboación parada que traballou anteriormente, a nivel sectorial estes descensos prodúcense na agricultura e pesca e na industria, con caídas respectivamente do 8,6% e do 7,8%, fronte aos incrementos experimentados no sector da construción cun 26,8% e no sector servizos cun 2,1% máis de poboación parada. Así mesmo se reduce tamén nun 11,8% o número de persoas paradas que traballaron anteriormente e que levan en situación de desemprego máis dun ano.

En termos absolutos, o desemprego no sector primario redúcese en 300 persoas en relación ao ano anterior

Taxas de paro 2010-22: distribución segundo nivel formativo (1)



(1) Ata 2013 CNED2000, 2014 e seguintes CNED2014

Fonte: IGE, EPA

2.1.32.

(-8,6%), e o desemprego no sector industrial redúcese nun 7,8% (900 persoas menos), descenso concentrado en exclusiva na industria manufacturera. Por outra banda tal como se sinalou anteriormente, a construción e o sector servizos aumentan o seu desemprego en 1.100 e 1.000 persoas respectivamente. O aumento do desemprego no sector servizos ven propiciado en grande medida polo aumento do desemprego na rama de transporte e almacenamento (30,3% máis) así como polos aumentos en torno ao 17% do desemprego nas ramas de administración pública e defensa e educación.

No conxunto do Estado a redución do desemprego prodúcese nos catro grandes sectores económicos; reducíndose tamén o colectivo de parados que buscan o seu primeiro emprego ou que deixaron o seu emprego hai máis dun ano. Salvo no sector industrial, no Estado en comparación con Galicia, as reducións do número de desempregados son máis intensas en todos os sectores económicos.

Datos rexistrados nas oficinas de emprego

O número de persoas paradas rexistradas nas oficinas de emprego galegas descende no ano 2022 un 10,6%

respecto ao ano anterior, 6,3 puntos porcentuais menos que no conxunto do Estado, situándose en 146.200 persoas, o nivel máis baixo dende o ano 2005, último ano comparable por producirse un cambio na metodoloxía.

Esta evolución é máis moderada que a acaecida no mercado laboral español onde o número de persoas paradas rexistradas no último ano é un 16,9% inferior ao ano anterior, situándose o volume de paro rexistrado por debaixo do existente no ano 2019. O maior descenso a nivel estatal provoca que o peso da poboación parada rexistrada en Galicia suba tres décima en relación ao ano anterior, chegando ao 4,9%.

Como se aprecia no **gráfico 2.1.34.**, ao longo de todo o ano 2022 o desemprego é inferior ao rexistrado nas mesmas datas do ano anterior así como do ano 2019. O ano 2022 remata con 142.222 persoas paradas rexistradas, o que supón un 6,8% menos que no mes de decembro de 2021 (-14% en relación ao mesmo mes do ano 2019).

O descenso do paro rexistrado no último ano prodúcese tanto entre as mulleres como en maior medida

Paro rexistrado en Galicia e España 2008-22 ⁽¹⁾


	Galicia	España	Galicia /España	Galicia	España
	(en miles de persoas)		(%)	(% de variación interanual)	
2008	162,5	2.539,9	6,4	7,9	24,6
2013	276,0	4.845,3	5,7	2,0	2,6
2019	163,2	3.148,8	5,2	-6,5	-4,0
2020	180,3	3.709,8	4,9	10,4	17,8
2021	163,4	3.565,2	4,6	-9,3	-3,9
2022	146,2	2.962,8	4,9	-10,6	-16,9

(1) datos anuais: en medias anuais; datos mensuais: último día de cada mes

Fonte: IGE; *Movemento laboral rexistrado*

2.1.33.

Paro rexistrado 2008-22: evolución mensual



Fonte: IGE; *Movemento laboral rexistrado*

2.1.34.

entre os homes. O paro rexistrado redúcese un 11,2% no caso dos homes e un 10,1% entre as mulleres. Tras esta evolución, o número medio anual de mulleres rexistradas nas oficinas de emprego ascende ata as 85.247 persoas (9.622 menos que no ano anterior), o que representa o 58,3% do total do paro rexistrado, o valor máis elevado dende o inicio da crise económica

de 2008. No que se refire ao paro rexistrado masculino, no último ano había inscritos como parados nas oficinas de emprego 60.920 homes (7.657 menos que en 2021), o 41,7% do total.

Nas catro provincias galegas redúcese o paro rexistrado no ano 2022 en relación ao ano anterior, pero en todo

Paro rexistrado en Galicia e España 2022 ⁽¹⁾: distribución segundo sector de actividade

2022

	Total	Agricultura e Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
(en miles de persoas)						
Galicia	146.167	5.137	15.584	10.352	114.328	11.768
A Coruña	58.239	1.507	5.866	4.454	46.177	4.973
Lugo	14.011	718	1.068	1.041	9.967	1.217
Ourense	16.825	861	1.832	1.197	11.404	1.531
Pontevedra	57.092	2.050	6.817	3.660	40.519	4.047
España	2.962.791	139.048	242.112	233.946	2.098.903	248.783

22/21

	Total	Agricultura e Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
[%]						
Galicia	-10,6	-11,1	-14,9	-13,4	-0,5	-5,8
A Coruña	-11,2	-12,9	-15,0	-14,9	-0,6	-5,8
Lugo	-12,4	-10,6	-8,3	-16,5	-13,1	-7,5
Ourense	-9,0	-8,8	-12,0	-11,0	-8,8	-5,2
Pontevedra	-9,9	-10,8	-16,4	-11,3	-9,0	-5,4
España	-16,9	-19,2	-15,3	-16,7	-16,4	-21,0

(1) medias anuais

Fonte: IGE; Ministerio de Trabajo y Economía Social

2.1.35.

caso con menor intensidade que no conxunto do Estado (**cadro 2.1.35.**). Por unha banda, as provincias da Coruña e Lugo, con descenso do 11,2% e do 12,4% respectivamente, sitúanse por riba da media galega, mentres que as provincias de Pontevedra, cun 9,9%, e Ourense, cun 9% de descenso no paro rexistrado, non acadan a media.


En termos absolutos, o desemprego rexistrado na provincia da Coruña descende en 7.361 persoas, en Pontevedra o descenso foi de 6.274 persoas desempregadas menos; en tanto que Lugo presenta unha caída interanual de 1.984 persoas e Ourense de 1.662. Tras esta evolución, A Coruña mantense como a provincia con maior nivel de desemprego, con 58.239 persoas rexistradas no Servizo Público de Emprego, por diante de Pontevedra, con 57.092 persoas. En Ourense e Lugo o paro rexistrado descende ata as 16.825 e 14.011 persoas, respectivamente.

Ao contrario que observamos co paro estimado pola

EPA, onde existían sectores que incrementaban o seu nivel de desemprego, en concreto a construción e os servizos, os catro grandes sectores de actividade presentan no conxunto do ano un descenso interanual do paro rexistrado, destacando a industria cunha caída do 14,9%, catro décimas menos que no conxunto do Estado (-15,3%). O paro rexistrado na construción redúcese un 13,4% (-16,7% en España), no sector primario cae un 11,1% (-19,2% en España), e, finalmente no sector servizos o paro rexistrado cae un 0,5% (-16,4% en España).

En termos absolutos, o sector servizos acolle un total de 114.328 persoas paradas rexistradas, o 78,2% dos parados rexistrados en Galicia (70,8% en España), seguindo-lle en importancia o sector industrial, con 15.584 persoas paradas, o 10,7% do total (8,2% no conxunto do Estado). O número de persoas paradas rexistradas na construción é de 10.352 persoas, o 7,1% do total galego (7,9% en España) e no sector primario 5.137 persoas, o 3,5% (4,7% do total de paro rexistrado a nivel estatal).

Evolución do paro rexistrado nos sectores primario, industria, construción e servizos 2008-2022



Fonte: IGE, Movemento laboral rexistrado

2.1.36.

Tal como se observa no **gráfico 2.1.36.**, os datos mensuais de paro rexistrado dos doce meses do ano 2022 son inferiores aos rexistrados nas mesmas datas dos anos 2008, 2019 e 2021 nos sectores da industria e da construción.

Por último, no concernente á desagregación do desemprego segundo grupos de idade, o paro descende en todos os grupos tanto en homes como mulleres, agás entre as persoas entre 16 e 19 anos. En termos relativos as maiores caídas prodúcense entre as persoas con idades comprendidas entre 20 e 44 anos con descensos interanuais en torno ao 15%, rexistrándose caída supe-

riorios ao 17% para as persoas entre 25 e 29 anos. No caso das persoas maiores de 50 anos, o desemprego redúcese nun 4,9%, entre os homes redúcese un 7% respecto ao nivel do ano anterior, case catro puntos porcentuais por riba do rexistrado no caso das mulleres (3,2%).

A estrutura por idades da poboación parada rexistrada en Galicia mostra que no ano 2022 o 45,5% son persoas maiores de 50 anos (66.498 persoas), sendo esta porcentaxe do 47,1% entres os homes e no 44,3% nas mulleres. Dentro do grupo de persoas maiores de 50 anos, o grupo con maior nivel de desemprego é o de maiores

Poboación inactiva en 2008-22 ⁽¹⁾: distribución segundo sexo e clase de inactividade

	2008	2019	2021	2022	2022/21
	(en miles de persoas)				(%)
Total	1.086,3	1.094,3	1.112,7	1.102,2	-0,9
Homes	422,8	473,6	481,0	482,2	0,2
Mulleres	663,5	620,6	631,7	620,0	-1,9
Estudiante	148,0	152,8	183,6	177,9	-3,1
Homes	65,6	72,5	87,3	83,2	-4,7
Mulleres	82,4	80,4	96,4	94,7	-1,7
Xubilado	468,4	521,1	532,2	529,2	-0,5
Homes	263,2	298,2	297,1	298,3	0,4
Mulleres	205,2	222,9	235,1	231,0	-1,7
Labores do fogar	240,0	197,8	178,7	174,9	-2,1
Homes	21,6	28,1	24,4	25,4	4,1
Mulleres	218,4	169,7	154,4	149,5	-3,2
Incapacidade permanente	111,9	90,8	79,4	56,7	-28,6
Homes	50,8	49,6	43,8	33,2	-24,1
Mulleres	61,0	41,3	35,6	23,4	-34,1
Perceptor de pensión distinta á de xubilac./prexubilac.	97,6	111,2	117,5	139,0	18,3
Homes	8,6	12,8	15,6	24,6	57,6
Mulleres	89,0	98,3	101,9	114,4	12,3
Outra	20,5	20,6	21,4	24,6	15,2
Homes	13,1	12,6	12,8	17,6	37,4
Mulleres	7,5	8,1	8,6	7,1	-17,8

(1) en medias anuais
Fonte: INE, EPA

2.1.37.

de 60 anos, con 23.694 persoas, sendo tamén o grupo quinquenal de idade onde menos se reduce o paro rexistrado no ano 2022, cun 0,6% de caída.

Poboación inactiva

Na Enquisa de Poboación Activa (EPA) a poboación economicamente inactiva comprende a aquelas persoas que se ocupan do seu fogar; estudantes; xubilados ou prexubilados; persoas que perciben unha pensión distinta da de xubilación e de prexubilación; persoas que realizan, sen remuneración, traballos sociais, actividades de tipo benéfico (excluídas as que son axudas familiares); persoas incapacitadas para traballar e outras situacións; en xeral, persoas que, sen exercer actividade económica, reciben axuda pública ou privada, e todas aquelas non incluídas nas categorías anteriores.

No ano 2022 en Galicia o número de persoas inactivas

redúcese un 0,9% respecto ao ano anterior para situarse en 1.102.200 persoas, das que o 56,3% son mulleres (620.000 persoas).

A poboación inactiva feminina descende un 1,9% respecto ao ano anterior (11.700 mulleres inactivas menos), o que contrasta coa medra dun 0,2% rexistrada no número de homes inactivos (1.002 homes máis).

Desagregando o número de persoas inactivas en función da clase de inactividade, o descenso interanual máis importante en termos absolutos é o que se produce no número de persoas con incapacidade permanente, con 22.700 persoas inactivas menos que no ano anterior, seguido polo grupo de estudantes con 5.800 persoas menos e do grupo de persoas dedicadas ás labores do fogar que se reduce en 3.800 persoas.

As persoas xubiladas constitúen o maior grupo de po-

boación inactiva, con 529.200 persoas (0,5% menos que no ano anterior; 2.900 persoas menos), o que representa o 48% da poboación inactiva en Galicia. Deste total de inactivos, 298.300 son homes e 231.000 mulleres.

A caída do número de persoas inactivas é tamén consecuencia da redución en 1.300 persoas no número de persoas en situación de inactividade por crer que non van atopar emprego. No último ano o número de persoas inactivas por crer que non vai atopar traballo ascende a 7.800 persoas, o valor máis reducido de toda a serie publicada.

Fronte a este descenso, cómpre mencionar o incremento en 3.800 persoas (8,2%) daquelas persoas que afirman estar inactivos por ter outras responsabilidades familiares ou persoais.

Por tanto, o motivo máis importante para non buscar emprego é o de estar xubilado, con 267.300 persoas, (24,2% da poboación inactiva total), seguido polo de estar cursando estudos ou recibindo formación, con 159.700 persoas (14,5%) e de enfermidade ou incapacidade propia, con 125.400 persoas (11,4%). □

2.2. Custos e salarios

A **estrutura do custo laboral bruto por traballador** está composta por soldos e salarios, cotizacións obrigatorias, beneficios sociais, indemnizacións, gastos de formación, gastos derivados do traballo e outros gastos. Dentro desta estrutura, en torno a tres cuartas partes corresponden aos gastos derivados dos soldos e salarios.

Para unha primeira análise da evolución do custo laboral, a estatística de convenios colectivos de traballo, publicada polo Ministerio de Traballo e Economía Social, ten por obxecto proporcionar información estatística sobre os aspectos máis relevantes dos convenios colectivos de traballo, entre a que destaca a variación salarial pactada nos mesmos. Esta estatística reflicte a consolidación do incremento das taxas de crecemento salarial pactado no conxunto dos sectores non primarios iniciada no ano 2016. Despois da ralentización experimentada en 2020, a medra nominal rexistrada en 2022 ascendeu ata o 3,94%, 1,6 puntos porcentuais superior ao incremento experimentado no ano precedente. De xeito semellante ao acontecido en 2021, este incremento se sitúa por riba do rexistrado no conxunto de España (2,78%).

A variación salarial media pactada calcúlase coa información daqueles convenios cuxos efectos económicos son coñecidos e cuantificables e que teñan sido rexistrados ata decembro de 2022. Para dito cálculo téñense en conta 204 convenios con efectos económicos e rexistrados en Galicia, 25 máis que no ano precedente, que afectan a 43.523 empresas e 247.262 traballadores e traballadoras (19.635 empresas e 34.704 persoas máis que no ano anterior).

Tal como se observa no **cadro 2.2.1.**, a variación salarial dos convenios asinados en Galicia en 2022 é maior nos convenios de empresa (4,26%) que nos convenios de ámbito superior á empresa (3,9%). Así mesmo, Galicia presenta aumentos salariais superiores aos rexistrados de media no conxunto do Estado tanto no caso dos convenios de empresa como nos convenios doutro ámbito.

O **cadro 2.2.2.** presenta datos dos custos laborais en Galicia, entendido este como o custo total no que incorre unha persoa empregadora pola utilización do factor traballo, incluíndo, polo tanto, o custo salarial así como os denominados “outros custos” (prestacións

Variación salarial pactada en Galicia e España 2008-22

	2008	2013	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
	(%)								
Galicia									
Convenios totais	4,19	0,66	0,83	1,48	1,98	2,16	1,22	2,34	3,94
Convenios de empresa	3,43	1,69	0,86	1,11	1,58	1,45	1,42	1,44	4,26
Convenios doutro ámbito	4,29	0,53	0,82	1,51	2,01	2,23	1,59	2,45	3,90
España									
Convenios totais	3,60	0,57	1,01	1,46	1,80	2,24	1,74	1,69	2,78
Convenios de empresa	3,09	0,37	0,84	1,21	1,44	2,03	1,50	1,54	3,22
Convenios doutro ámbito	3,65	0,58	1,02	1,48	1,82	2,26	1,76	1,70	2,75

(data da consulta 8-02-2023. 2021 provisional e 2022 avance)

(1) Convenios doutro ámbito: convenios de ámbito superior á empresa

Fonte: Ministerio Trabajo y Economía Social, *Estadística de convenios colectivos de trabajo*

2.2.1.

Custos laborais en Galicia e España 2021-22: distribución segundo sectores económicos e compoñentes

2022								
	Galicia				España			
	Total	Industria	Construción	Servizos	Total	Industria	Construción	Servizos
(en euros)								
Custo laboral por traballador e mes	2.551,22	2.946,97	2.887,44	2.429,82	2.838,01	3.280,08	2.853,21	2.760,46
Custo salarial total	1.888,80	2.175,23	2.029,88	1.809,85	2.115,14	2.426,58	2.034,45	2.067,48
Custo salarial ordinario	1.672,38	1.867,56	1.730,04	1.621,91	1.822,01	2.040,38	1.751,49	1.789,64
Outros custos	662,42	771,74	857,56	619,97	722,87	853,51	818,76	692,98
Custo por percepcións non salariais	56,34	57,90	144,04	48,29	66,27	72,89	84,01	63,77
Custo por cotizacións obrigatorias	621,12	725,15	725,88	587,81	671,30	792,90	745,38	644,64
S. Social	15,03	11,32	12,36	16,13	14,70	12,27	10,62	15,42
Custo laboral por hora efectiva								
Custo laboral total por hora	19,83	21,77	20,27	19,30	22,14	23,96	19,90	21,99
Custo salarial total por hora	14,68	16,07	14,25	14,38	16,50	17,72	14,19	16,47
Custos salarial ordinario por hora	13,00	13,79	12,14	12,88	14,22	14,91	12,22	14,26
Outros custos por hora	5,15	5,70	6,02	4,92	5,64	6,24	5,71	5,52
2021								
	Galicia				España			
	Total	Industria	Construción	Servizos	Total	Industria	Construción	Servizos
(en euros)								
Custo laboral por traballador e mes	2.476,68	2.901,72	2.762,90	2.350,25	2.723,87	3.181,76	2.737,83	2.641,00
Custo salarial total	1.823,02	2.122,97	1.937,76	1.741,84	2.022,59	2.334,69	1.935,08	1.973,51
Custo salarial ordinario	1.620,08	1.810,65	1.669,05	1.570,56	1.751,45	1.973,43	1.701,41	1.715,60
Outros custos	653,67	778,75	825,14	608,41	701,28	847,08	802,75	667,49
Custo por percepcións non salariais	68,74	82,90	122,61	60,46	71,77	87,67	85,25	67,90
Custo por cotizacións obrigatorias	598,81	706,27	709,60	563,29	642,67	771,18	726,53	613,30
Subvencións e bonificacións da S. Social	13,88	10,42	7,08	15,34	13,15	11,77	9,03	13,71
Custo laboral por hora efectiva								
Custo laboral total por hora	19,62	21,41	19,38	19,19	21,73	23,44	19,18	21,62
Custo salarial total por hora	14,44	15,67	13,59	14,22	16,14	17,20	13,56	16,16
Custos salarial ordinario por hora	12,84	13,35	11,71	12,83	13,98	14,55	11,92	14,05
Outros custos por hora	5,18	5,74	5,79	4,97	5,60	6,24	5,62	5,47

Fonte: INE, *Encuesta trimestral de coste laboral*

2.2.2.

non salariais e cotizacións obrigatorias á Seguridade Social). O devandido **cadro 2.2.1.** reflicte que o custo laboral por traballador e mes incrementábase en Galicia no ano 2022 un 3%, un incremento 1,2 puntos porcentuais inferior ao do conxunto do España, para situarse en 2.551,22 euros de media por traballador e mes, o que sitúa a Galicia con un custo un 11,2% inferior ao rexistrado de media no Estado. Este importe mantén a Galicia nunha posición intermedia en relación ao resto das CC.AA., situándose como a sexta Comunidade Autónoma co custo total máis reducido.

A análise sectorial dos custos laborais reflicte un incremento en termos interanuais dos custos laborais por traballador e mes nos tres sectores de actividade, sendo esta medra inferior á media estatal tanto na industria como nos servizos, non así no caso da construción. En Galicia no ano 2022 a construción presenta o incremento dos custos laborais máis elevado, cunha medra interanual do 4,5% fronte ao 4,2% do sector da construción no conxunto do Estado. A taxa de variación interanual correspondente ao sector servizos situouse no 3,4% en Galicia, máis de un punto porcentual por baixo do rexistrado en España (4,5%); finalmente, a industria presenta un aumento dos seus custos por traballador e mes do 1,6%, fronte ao 3,1% de incremento medio do sector no conxunto do Estado, o que supón o diferencial máis elevado de todos os sectores de actividade.

A progresión dos custos laborais nos distintos sectores de actividade, sitúa ao sector industrial, tanto en Galicia como no conxunto de España, como o sector cos custos laborais máis elevados, con 2.946,97 euros por traballador e mes, o que representa o 89,9% da media estatal. Séguenlle a construción, cun custo medio de 2.887,44 euros, sendo este o único sector de actividade que presenta un custo laboral superior en Galicia que no conxunto do Estado, en concreto un 1,2% superior. Finalmente, o sector servizos con 2.429,82 euros por traballador e mes (o 88% da media española), é o que rexistra un custo laboral máis reducido.

Analizando os custos laborais dende outra perspectiva, a Enquisa trimestral de custo laboral presenta datos do

custo laboral por hora efectiva de traballo, isto é, o custo que supón para un empresario ou empresaria unha hora de traballo efectivo. Galicia no ano 2022 presenta unha medra interanual do custo laboral total por hora efectiva do 1%. Esta porcentaxe é significativamente inferior ao sinalado 3% de incremento do custo laboral por traballador e mes, sendo tamén un incremento inferior ao experimentado polo custo laboral por hora efectiva no conxunto do Estado, que é do 1,9%.

Tras esta evolución, o custo laboral total por hora efectiva ascende en Galicia a 19,83 euros, o que supón un 10,4% menos que a media estatal (2,3 euros menos por hora efectiva).

O custo laboral total por hora no sector industrial aumenta en Galicia no ano 2022 un 1,7% en relación ao ano anterior, situando a este sector, un ano máis, como o que presenta un maior custo con 21,8 euros por hora traballada efectiva, fronte aos 24 euros do sector no conxunto do Estado. O sector da construción é o que presenta un maior incremento en taxas interanuais, cun aumento do 4,6% que sitúa en 20,3 euros o custo por hora efectiva, 0,4 euros máis que na media de España. Por último, o sector servizos segue sendo o que presenta o maior diferencial con respecto ao conxunto de España, ascendendo o custo laboral a 19,3 euros por hora efectiva, o que supón un 12,2% menos que a media estatal (2,7 euros menos por hora efectiva).


• Produtividade aparente do factor traballo

A intensa reactivación da actividade económica no ano 2022 tradúcese nunha medra interanual do PIB nominal do 8,8% en Galicia. Unha reactivación que se traslada ao mercado laboral cunha menor intensidade, así as melloras da ocupación, medida tanto en termos de horas traballadas como en postos de traballo equivalente a tempo completo, presentan taxas de variación interanuais moi inferiores ás acadadas pola actividade económica en termos de PIB.


Unha aproximación á evolución da produtividade aparente do factor traballo (PFT) pode realizarse tomando

Produtividade aparente de factor traballo en Galicia. España = 100

PIB por posto de traballo equivalente a tempo completo



Produtividade por hora traballada



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE e INE

2.2.3.

como indicadores o cociente entre o PIB nominal e o emprego equivalente a xornada completa, ou a relación entre o PIB e o número de horas traballadas. Tendo en conta que o PIB nominal rexistra en Galicia un incremento interanual do 8,8%, a produtividade aparente en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo aumenta un 6,5% respecto ao ano anterior, catro décimas máis que no conxunto do Estado, moita maior diferenza anotamos no caso de medirse en termos de PIB por hora traballada, que presenta un incremento significativamente superior en Galicia ao aumentar un 7,5% fronte ao 5,8% de media en España.

No ano 2022 ambos os dous indicadores da produtividade mencionados seguen a estar por baixo da media española. Como se aprecia no **cadro 2.2.3.**, se se considera o número de postos de traballo equivalentes a tempo completo, a produtividade do factor traballo en Galicia supón en 2022 o 95,1% da produtividade no conxunto de España, tres décimas por riba do experimentado no ano anterior. No caso da produtividade por hora traballada, esta porcentaxe ascende ata o 94,8% en 2022 cando no ano anterior era do 93,3%.

A mellora relativa da produtividade medida en termos de hora traballada en relación á media estatal ven xustificada polo menor dinamismo do mercado laboral galego. Dunha banda, o PIB en termos monetarios medra un 10,1% en España fronte ao 8,8% en Galicia. Doutra banda, o número de horas traballadas experimenta un incremento interanual do 1,2% en Galicia e do 4,1% no conxunto do Estado. Na mesma liña apuntada polas horas traballadas, o número de postos de traballo equivalente a tempo completo presenta un maior incremento en España que en Galicia co 3,8% e 2,2%, respectivamente, o que xustificaría a mellor evolución da produtividade na Comunidade Autónoma.

Atendendo á distribución sectorial, cómpre resaltar que no ano 2022 a construción, o sector primario e as ramas do sector servizos presentan unha produtividade aparente superior á española en termos de postos de traballo equivalente e no caso da construción e dos servizos tamén en termos do número de horas traballa-

das. No extremo oposto, a produtividade aparente da industria manufactureira, medida en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, sitúase no último ano por baixo do 70% da media española, o nivel máis baixo da serie temporal analizada, e no 73% en termos de horas traballadas.


Ingresos salariais nas fontes tributarias

Para realizar a análise dos salarios dende a óptica do perceptor utilízase a estatística do *“Mercado de traballo y pensiones en las fuentes tributarias”* realizada pola Axencia Tributaria, que ten un carácter censal e se basea nas declaracións anuais do Modelo 190. Esta estatística achega información dende o ano 1999 ata 2021, último ano publicado na data de elaboración da presente Memoria.

Antes de pasar a analizar os datos proporcionados pola citada estatística, faremos unha breve referencia á metodoloxía e definicións empregadas. Dunha banda, a Axencia Tributaria aborda a visión do mercado laboral dende unha dobre perspectiva: a da entidade que emprega e redistribúe e a do perceptor de salarios, pensións e prestacións por desemprego. Este apartado céntrase na óptica da persoa perceptora e máis concretamente nas persoas asalariadas. Este colectivo está formado por aquelas persoas cuxas percepcións están declaradas na clave A (empregados por conta allea en xeral), que inclúe todas aquelas percepcións, monetarias ou en especie, que teñan sido satisfeitas pola persoa ou entidade declarante en concepto de rendemento de traballo.

O número de persoas asalariadas nas publicacións da Axencia Tributaria difire do que se pode encontrar noutras fontes como a Enquisa de Poboación Activa, o rexistro de Afiliación á Seguridade Social ou a Contabilidade Nacional. Aparte das distintas definicións e ámbitos, o principal motivo destas diferenzas é o feito de que as poboacións das estatísticas baseadas en fontes fiscais son enumeracións de individuos que pasaron por unha determinada situación e non un promedio anual que é como se acostuman presentar as cifras noutras estatísticas do mercado de traballo. Así, un in-

Evolución do salario medio anual ⁽¹⁾ en Galicia e España 2008-2021. Distribución segundo sexos



(1) O salario medio nas fontes de carácter fiscal é un salario medio anual que se refire a un ámbito xeográfico limitado de territorio de Réxime Fiscal Común e un ámbito temporal anual, e se mide como os rendementos do traballo declarados divididos polo número de asalariados.

Fonte: Agencia Tributaria

2.2.4.

dividuo que só traballara un mes no ano suma 1 nas estatísticas derivadas de fontes fiscais, mentres que sumaría unha porción de asalariado equivalente 1/12 nos datos anuais do resto de estatísticas citadas.

Doutra banda, no que respecta aos salarios tamén hai diferenzas, por motivos semellantes. O salario medio nas fontes de carácter fiscal é un salario medio anual que se refire a un ámbito xeográfico limitado de territorio de Réxime Fiscal Común e un ámbito temporal anual, e mídese como os rendementos do traballo declarados divididos polo número de asalariados. A masa salarial aproximada polos rendementos do traballo ten lixeiras diferenzas conceptuais coa masa salarial medida noutras fontes estatísticas. Pero sobre todo as per-

soas asalariadas mídense aquí sen ter en conta o tempo que permaneceran no mercado de traballo. Deste xeito prodúcese un sesgo á baixa do salario medio en comparación con outras estatísticas nas que o denominador é o número de asalariados en promedio anual.

No ano 2021 rexístrase en Galicia o salario medio anual máis alto da serie estatística. O **gráfico 2.2.4.** amosa que os ingresos salariais medios declarados en Galicia ascenderon a 20.786 euros, o que supón 886 euros máis que no ano anterior, un ano marcado pola emerxencia sanitaria e pola caída no número de persoas que recibiron un salario.

Dende o ano 2007 a fenda entre o salario medio anual

Asalariados e salario medio 2021, segundo a súa situación ERTE

	Total		
	Total	Homes	Mulleres
	(euros)		
Asalariados	1.042.813	542.822	499.991
Salario Medio Anual	20.786	22.818	18.580

	Non ERTE		
	Total	Homes	Mulleres
	(euros)		
Asalariados	976.141	511.747	464.394
Salario Medio Anual	21.258	23.179	19.140

	Sí ERTE		
	Total	Homes	Mulleres
	(euros)		
Asalariados	66.672	31.075	35.597
Salario Medio Anual	13.884	16.880	11.269

Fonte: Agencia Tributaria, Mercado de trabajo y pensiones

2.2.5.

en Galicia e a media estatal redúcese progresivamente, acadando o máximo no ano 2007 (1.344 euros anuais) e o mínimo no ano 2020 (603 euros anuais), no ano 2021 aumenta novamente para situarse nos 733 euros. Esta evolución sitúa a Galicia como a sexta CC.AA con maior salario medio anual. En relación ao declarado no ano anterior o salario medio medra un 4,5% (886 euros máis), consecuencia do aumento do 6,4% da masa salarial asociada a unha incremento do 1,9% do número de asalariados. O salario medio declarado no conxunto do Estado presenta un aumento do 5% derivado de aumentos tanto da masa salarial (7,7%) como do número de asalariados e asalariadas (2,6%).

O salario medio anual varía en función da idade, do xénero ou da CC.AA, pero ademais tamén hai que facer referencia ao impacto dos ERTE. Por un lado, o Estado “asume a carga salarial dunha parte dos traballadores mediante as prestacións ERTE e permite afrontar os gastos por salarios ás empresas; por outro lado, supón unha axuda ao traballador, xa que, coa garantía de conservar o emprego, asumen unha rebaixa dos seus ingresos pola parte satisfeita polo Estado”. Se se exclúen as persoas afectadas, a estrutura salarial vese alterada cunha distorsión á alza ao quedar fóra estratos de tra-

balladores con salarios máis baixos, que son os máis afectados polos ERTE: por contra, se se inclúen todas as persoas traballadoras en ERTE pero exclusivamente computando o seu salario polo satisfeito polos empregadores, a información presentaría unha distorsión á baixa.

Observamos esta distorsión no **cadro 2.2.5.**, tendo en conta que se se consideran as persoas asalariadas en ERTE o seu salario medio declarado ascende a 13.884 euros fronte ao 21.258 euros se se exclúen as persoas que estiveron nesa situación. En ambos os dous casos o salario medio declarado dos homes é superior ao declarado polas mulleres, sendo este diferencial máis acusado entre as persoas protexidas por un ERTE: 50% superior fronte ao 21% no caso de que se exclúan as persoas que non estiveron nesa situación.

Tendo en conta que o SMI no ano 2021 era de 13.510€, a distribución das persoas asalariadas segundo os seus ingresos salariais medios en relación ao SMI, **cadro 2.2.6.**, reflicte que o 35,4% dos asalariados e asalariadas, 369.354 persoas, declara unha percepción salarial inferior ao SMI. En relación ao ano anterior baixa 3,9 puntos porcentuais o peso relativo das persoas asala-

Persoas asalariadas ⁽²⁾ e salario medio por tramo salarial: 2008-2021 ⁽¹⁾

	2008				2021			
	Asalariados		Salario Medio Anual		Asalariados		Salario Medio Anual	
		(%)	(euros)	(%)		(%)	(euros)	(%)
De 0 a 0,5 SMI	152.228	13,4	1.851	10,4	184.668	17,7	2.941	14,1
De 0,5 a 1 SMI	131.332	11,6	6.367	35,9	184.686	17,7	10.199	49,1
De 1 a 1,5 SMI	167.344	14,7	10.651	60,1	249.151	23,9	16.665	80,2
De 1,5 a 2 SMI	221.650	19,5	14.737	83,1	165.331	15,9	22.989	110,6
De 2 a 2,5 SMI	146.661	12,9	18.678	105,3	84.634	8,1	29.854	143,6
De 2,5 a 3 SMI	84.978	7,5	22.915	129,2	68.971	6,6	36.532	175,8
De 3 a 3,5 SMI	60.406	5,3	27.250	153,6	40.268	3,9	43.175	207,7
De 3,5 a 4 SMI	44.760	3,9	31.419	177,1	22.337	2,1	49.708	239,1
De 4 a 4,5 SMI	36.111	3,2	35.621	200,8	12.376	1,2	56.606	272,3
De 4,5 a 5 SMI	26.756	2,4	39.621	223,4	8.633	0,8	63.251	304,3
De 5 a 7,5 SMI	44.097	3,9	49.837	281,0	16.829	1,6	78.928	379,7
De 7,5 a 10 SMI	12.103	1,1	71.566	403,5	2.936	0,3	113.189	544,5
Máis de 10 SMI	6.428	0,6	126.346	712,4	1.993	0,2	249.417	1.199,9
Total	1.134.854	100	17.736	100	1.042.813	100	20.786	100

(1) SMI en 2008: 8.400 €; SMI en 2013: 9.034,20 €; SMI en 2019: 12.600 €; SMI en 2020: 13.300 €; SMI en 2021: 13.510 €

(2) Asalariados; Todas aquellas personas cuyas percepciones están declaradas na clave A (empleados por conta allea en xeral), que inclúe todas aquelas percepciones, dinerarias ou en especie, que teñan sido satisfeitas pola persoa ou entidade declarante en concepto de rendemento de traballo.

Fonte: Agencia Tributaria

2.2.6.

riadas con ingresos inferiores ao SMI. Así mesmo, as persoas que declaran ingresos inferiores ao dobre do SMI representan o 75,2% do total, un punto e tres décimas menos que no ano precedente (76,5%). Pola contra só o 2,1% de persoas asalariadas declaran uns ingresos salariais de máis de cinco veces o SMI, unha décima máis que en 2020.

Entre 2008 e 2021 o número de persoas asalariadas totais descende un 8,1% (92.041 persoas menos), rexistrándose os únicos incrementos entre aqueles cun salario medio anual inferior a 1,5 veces o SMI, con 167.601 persoas asalariadas máis neste tramo de ingresos (37,2% máis que en 2008). Por outra banda, cae de xeito moi importante o número de persoas que cobran entre 2 e 2,5 veces máis que o SMI con 62.027 persoas menos en 2021 que ás rexistradas en 2008, aínda que aumenta nun 59,8% os seus ingresos salariais medios anuais.


As diferenzas salariais entre os dous extremos da serie son moi importantes, xa que en 2008 o ingreso medio das persoas que máis declaran equivale a 68 veces o dos que menos, mentres que en 2021 esta proporción era de 85 veces.

Atendendo á desagregación segundo o xénero das persoas traballadoras en función da súa ganancia anual declarada con respecto ao SMI (**gráfico 2.2.7.**), no ano 2021 a porcentaxe de mulleres que declaran un salario inferior ao SMI é significativamente superior á dos homes. Así, o 20,7% das mulleres declaran un salario medio inferior á metade do SMI fronte ao 15% no caso dos homes, e un 21,7% das mulleres un salario entre 0,5-1 SMI fronte ao 14,1% entre os homes; en todos os tramos de ganancias restantes, o peso relativo dos homes é superior ao das mulleres, salientando dunha banda que o 43,2% dos homes declaran uns ingresos medios anuais entre un e dúas veces o SMI fronte ao 36% no caso das mulleres; doutra banda, o 2,7% dos homes declaran uns ingresos superiores a cinco veces o SMI, sendo esta porcentaxe do 1,4% entre as mulleres.

Ao igual que acontece coa estrutura demográfica do conxunto da poboación en Galicia, a poboación asalariada galega está máis envellecida que a española, de forma que a poboación asalarariada con máis de 55 anos supera á media española en 0,8 puntos porcentuais; pola contra a poboación asalariada menor de 35 anos ten un maior peso en España (30,6%) que en Galicia (26,8%).

Traballadores e traballadoras en función da súa ganancia anual con respecto ao SMI 2021

(% sobre o total de homes e de mulleres)




Fonte: Agencia Tributaria

2.2.7.

No que se refire á distribución segundo grupos de idade, todos os colectivos teñen en 2021 un salario medio anual superior ao rexistrado en 2020. O **gráfico 2.2.8.** amosa que o ingreso salarial medio mantén a súa tendencia crecente ata a idade de xubilación, neste senso, entre as persoas con idades comprendidas entre 56-65 anos o ingreso medio ascendía en Galicia ata os 25.525 euros en 2021, levemente superior ao salario medio a partir dos 65 que no ano 2021 foi de 22.471 euros; en relación a isto, cómpre mencionar o incremento do salario medio anual do conxunto de persoas maiores de 65 (6,2% máis que no ano anterior; 1.314 euros máis), motivado por unha medra do 6,5% do número de asalariados e asalariadas (11,3% en España) e un incremento do 13,1% dos ingresos salariais declarados (13,3% no conxunto do Estado).

O ingreso salarial medio do ano 2021 é superior ao declarado no ano anterior en todos os grupos de idade comprendidos entre os 18 e 55 anos, rexistrándose os diferenciais máis acusados no caso das persoas de 26-35 anos, onde o salario medio declarado é un 8,1% superior ao declarado no ano anterior (1.248 euros máis), entre as persoas maiores de 65 anos, cun aumento do 6,2% (1.314 euros máis), ou entre as persoas de 46-55 anos cun incremento do 4,4% (1.013 euros máis). Os menores de 18 anos son os únicos que perciben un salario medio inferior ao do ano 2021, cunha caída do 14,9% (332 euros menos).

Se a comparación se fai cos datos declarados correspondentes ao ano 2008, o salario medio redúcese entre os menores de 25 anos, en concreto entre os me-

Salario medio 2008, 2013, 20 e 21 ⁽¹⁾. Distribución segundo grupo de idade

(1) SMI en 2008: 8.400 €; SMI en 2013: 9.034,2 €; SMI en 2019: 12.600 €; ; SMI en 2020: 13.300 €
 Fonte: Agencia Tributaria

2.2.8.

Persoas asalariadas ⁽¹⁾ e salario medio por sectores: 2009-2021

	2009				2021			
	Asalariados		Salario Medio Anual		Asalariados		Salario Medio Anual	
		(%)		(%)		(%)		(%)
Agricultura, gandería, selvicultura e pesca	22.570	2,1	13.807	75,8	25.375	2,4	16.507	79,4
Industria extractiva, enerxía e auga	17.432	1,6	24.009	131,8	10.563	1,0	29.780	143,3
Industria	155.134	14,2	18.853	103,5	132.574	12,7	22.903	110,2
Construción e actividades inmobiliarias	132.698	12,1	16.361	89,8	79.583	7,6	19.953	96,0
Comercio, reparación e transportes	234.185	21,4	15.586	85,6	231.648	22,2	19.238	92,6
Información e comunicacións	24.513	2,2	21.111	115,9	23.514	2,3	26.625	128,1
Entidades financeiras e aseguradoras	29.705	2,7	31.938	175,3	19.457	1,9	34.889	167,8
Servizos ás empresas	120.271	11,0	14.326	78,6	139.924	13,4	16.331	78,6
Servizos sociais	259.149	23,7	24.510	134,5	269.614	25,9	26.720	128,5
Outros servizos persoais e de lecer	96.773	8,9	9.128	50,1	110.562	10,6	9.657	46,5
Total	1.092.431	100	18.217	100	1.042.813	100	20.786	100

(1) Asalariados; Todas aquelas persoas cuxas percepcións están declaradas na clave A (empregados por conta allea en xeral), que inclúe todas aquelas percepcións, dinerarias ou en especie, que teñan sido satisfeitas pola persoa ou entidade declarante en concepto de rendemento de traballo.

Fonte: Agencia Tributaria


2.2.9.

nores de 18 anos (-55%; 2.273 euros menos) e entre as persoas con 18-25 anos (-14%; 1.215 euros menos).

Atendendo á distribución segundo ramas de actividade, o **cadro 2.2.9.** indica que a actividade con ingresos salariais medios declarados máis elevados son os das entidades financeiras e aseguradoras, con 34.889 euros, máis do dobre do declarado no sector primario, cun salario medio de 16.507 euros brutos anuais, e case catro veces máis que as actividades englobadas en “outros

servizos persoais e de lecer” (9.657 euros). No ano 2021 as ramas de actividade que contan con salarios medios inferiores á media galega (20.786 euros/ano) viron incrementado o salario medio por riba da variación interanual media galega (4,5%), salientando o incremento do 13,6% no salario medio anual da rama “outros servizos persoais e de lecer”, do 5,8% na rama de “construción e actividades inmobiliarias” ou do 5,7% na rama “agricultura, gandería, selvicultura e pesca”. Pola contra as ramas con salarios máis elevados, rexis-

**Distribución de asalariados segundo decilas de menor a maior Salario Medio Estimado (SME).
Distribución segundo sexo 2021**



Fonte: Agencia Tributaria, Módulo salarial ano completo

2.2.10.

traron incrementos por debaixo da media, neste senso, a rama de “entidades financeiras e aseguradoras” incrementou o seu salario medio nun 1,4% en relación ao ano 2020, porcentaxe que foi do 1,9% na “industria extractiva, enerxía e auga”, sendo estas dúas as ramas de actividade que rexistran maiores salarios medios anuais en Galicia no ano 2021.

• Módulo salarial ano completo


Tal como se sinalou ao comezo deste apartado, nas estatísticas do mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias mídese o salario medio como o cociente das masas salariais declaradas de rendementos do traballo divididas polo número de persoas perceptoras, sen ter en conta o tempo efectivo de traballo ou o número de meses nos que se recibira a pensión.

De xeito complementario, en colaboración coa Tesorería Xeral da Seguridade Social, a partir de 2019 elabórase un novo módulo salarial que estima un Salario Medio Anual correspondente ao ano completo a partir do coñecemento dos días traballados nas distintas relacións laborais. Deste xeito, esta medida do salario é comparable ás obtidas doutras estatísticas salariais.

No módulo salarial de ano completo, os asalariados son todas aquelas persoas que reciben unha contraprestación dineraria en concepto de rendemento de traballo, contadas de forma única independentemente de que traballaran para unha ou varias empresas ou entidades. Asemade, considérase a masa salarial (salario estimado, SME) equivalente a xornada e ano completo, de maneira que se un traballador tivera no exercicio máis dunha relación laboral contabilízanse todas elas tanto na súa masa salarial como nos días traballados en cada unha desas relacións laborais. Cómpre resaltar que para a elaboración deste SME non se teñen en conta as percepcións que estivera por baixo do salario mínimo interprofesional ou estivera por riba dos 720.000 euros, para evitar que estes valores distorsionen a análise.

Segundo esta nova metodoloxía, o salario medio estimado en Galicia ascende no ano 2021 (último dato dispoñible) a 26.214 euros, un 7,8% inferior á media estatal, sendo este importe de 27.142 euros no caso dos homes (7,6% inferior á media española) e de 25.050 no das mulleres (6,9% inferior). Comparado co ano anterior, o salario medio estimado medra tanto no caso dos homes como das mulleres, sendo maior o incremento no caso

Distribución de asalariados segundo decilas de menor a maior Salario Medio Estimado (SME).
Distribución segundo grupo de idade 2021



Fonte: Agencia Tributaria, Módulo salarial ano completo

2.2.11.

das mulleres, e, en ámbos casos, as variación son semellantes ás rexistradas de media no Estado. Así, o salario medio estimado medra en Galicia un 1,3% respecto ao ano anterior, sendo estas porcentaxes do 1,6% entre as mulleres e do 1,1% entre os homes.

Se se considera a distribución dos asalariados segundo o SME e a súa desagregación segundo xénero, **cadro 2.2.10.**, o peso da muller só é superior ao dos homes nos dous estratos salariais máis baixos, de xeito que do total das persoas que están no primeiro decil, o 61,2% das persoas son mulleres, sendo esta porcentaxe do 55,1% no segundo decil. Por contra, nos dous deciles máis elevados 10 e 9, o peso da muller é do 37,1% e 45%, respectivamente. Na mediana (decil 5) sitúase o 37,5% son mulleres fronte ao 62,5% homes.

A distribución por idades mostra como o peso da poboación menor de 35 anos (**cadro 2.2.11.**) descende a medida que aumenta o nivel salarial (deciles) a diferenza do que acontece con carácter xeral no resto dos grupos de idade.

• Fenda salarial

As distintas crises económicas na historia recente non foron neutrais dende o punto de vista do xénero, carac-

terizándose por unha intensificación do traballo non remunerado das mulleres e por unha recuperación máis lenta e precaria do emprego feminino. Todo isto repercute nun impacto negativo nos ingresos salariais e rendas das mulleres en relación aos homes.

A pandemia da covid-19 supón un factor adicional que afecta á fenda salarial de xénero, xa que a perda de emprego concentrouse de xeito importante nos sectores e actividades máis feminizados, repercutindo moi negativamente sobre o salario medio anual das mulleres que xa antes da dita crise eran tan só do 80,7% do masculino, segundo datos da Enquisa de estrutura salarial do INE. Os datos proporcionados por esta enquisa para o ano 2020, último dispoñible, sinalan que a ganancia media anual das mulleres en Galicia foi de 20.446,5 euros, fronte aos 25.276,2 euros dos homes.

O **cadro 2.2.4.** mostra a evolución do salario medio distribuído por xénero, no período 2008-2021, tendo en conta que o salario medio nas fontes de carácter fiscal se mide como os rendementos do traballo declarados divididos polo número de asalariados. Tanto en Galicia como no conxunto do Estado o salario medio bruto das mulleres é notablemente inferior ao dos homes. En Galicia no ano 2021 os homes declaran un ingreso bruto medio de 22.818 euros, fronte aos 15.580 euros decla-

rados polas mulleres; o salario bruto medio anual feminino representa o 81,4% do masculino.

Comparando os datos dos dous últimos anos dispoñíbles, 2020 e 2021, o maior incremento porcentual do salario medio feminino entre os sinalados anos (4,9% de aumento nas mulleres fronte ao 4,3% nos homes), favorece a redución da fenda salarial que pasa do 19% no ano 2020 ata o 18,6% en 2021.

A leve mellora no diferencial salarial de xénero pode vir dada como consecuencia do sistema de protección social posto en marcha durante a pandemia. Estas medidas teñen un efecto amortiguador moi importante na medida en que os ERTES se concentran máis en actividades con maior presenza feminina. 

2.3. Relacións laborais e formación

No ámbito das relacións laborais, o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, introduce importantes modificacións no que poderíamos chamar arquitectura da negociación colectiva, en aspectos como a ultraactividade de convenios e a relación entre convenios sectoriais e de empresa. Neste senso, elimínase a prioridade do convenio de empresa fronte ao sectorial no que respecta ao salario e mantense a ultraactividade indefinida dos convenios colectiva cando remare a súa vixencia.

Teno en conta as modificacións introducidas, neste apartado analízase, en primeiro lugar, a evolución da negociación colectiva, destacando a estabilidade no número de convenios colectivos existentes aumentando lixeiramente o das persoas traballadoras afectadas polos mesmos. Comparado co ano anterior, Galicia presenta unha medra dos convenios de empresa asinados e revisados, así como resulta importante destacar o forte incremento no número de persoas afectadas polos convenios de sector revisados en 2022 que pasa de 4.586 en 2021 a 60.894 en 2022.

Negociación colectiva

O número de convenios colectivos existentes, tanto vi-xentes como prorrogados tacitamente, mantense esta-

ble en Galicia ao longo do ano 2022. A 31 de decembro dese ano, existen en Galicia un total de 1.040 convenios, un máis que na mesma data do ano anterior, dos que 123 son sectoriais e 917 de empresa (126 e 913 convenios no ano precedente, respectivamente). Segundo os datos do Observatorio da negociación colectiva publicados Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL), os convenios colectivos existentes afectan a 528.469 persoas traballadoras, o que supón unha medra de 34.165 persoas en relación ao ano anterior.

Pontevedra é a provincia onde se asinan máis convenios colectivos no ámbito da empresa, con 349 convenios (o 38% do total de convenios de empresa en Galicia), por diante da Coruña, con 336 (34,6%), e Lugo e Ourense con 103 e 80, respectivamente (11,2% e 8,7%).

No que respecta aos convenios sectoriais, a provincia da Coruña, con 30 convenios asinados, é a que se sitúa en primeiro lugar (24,4% do total de convenios sectoriais), seguida d Pontevedra con 29 (23,6%) e Lugo e Ourense con 23 e 20 convenios respectivamente (18,7% e 16,3%).

O restante 6,7% dos convenios colectivos existentes (70

Convenios colectivos existentes 2021-22 ⁽¹⁾

2022						
	Total	C.A. / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	1.040	70	366	126	100	378
Sector	123	21	30	23	20	29
Empresa	917	49	336	103	80	349

2021						
	Total	C.A. / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	1.039	72	360	126	100	381
Sector	126	21	30	23	20	32
Empresa	913	51	330	103	80	349

(1) convenios colectivos, vixentes ou prorrogados tacitamente, a 31 de decembro de cada ano; no total inclúense tamén os pactos e acordos reguladores de persoal funcionario dos que se ten coñecemento.

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, *Observatorio da negociación colectiva*

2.3.1.

convenios) teñen un ámbito de aplicación superior ao provincial.

Dos devanditos 1.040 convenios existentes, o número daqueles convenios con vixencia expresa en 2022 é de 140 (o 13,5% do total de convenios), dos que 29 son convenios de sector (23,6% dos convenios de ámbito sectorial) e os restantes 117 de empresa (12,8% dos convenios de empresa). O número de traballadoras e traballadores afectados aumenta ata as 210.965 persoas, das que o 90,2% están afectadas por convenios sectoriais (190.206 persoas) e o restante 9,8% por convenios de empresa (20.759 persoas).

No conxunto do ano 2022 o número total de convenios asinados ou revisados con efectos para ese ano ascendeu a 131 convenios (110 asinados e 21 revisados) afectando a un total de 198.052 persoas traballadoras. Segundo reflicte o **cadro 2.3.2.**, destes 131 convenios, 22 corresponden a convenios de ámbito sectorial que afectan a 177.706 persoas, e 109 son convenios de empresa e afectan a 20.346 persoas traballadoras.

Comparado co ano anterior, Galicia presenta unha medra dos convenios de empresa asinados, con 16 máis que no ano anterior, fronte ao descenso dos convenios de sector asinados con 1 menos que en 2021. O

número de convenios revisados aumenta en relación a 2021 (4 convenios máis de ámbito sectorial e 3 máis de empresa). No caso das persoas traballadoras afectadas en 2022 destacar o incremento no número de persoas afectadas polos convenios de sector revisados en 2022 que pasa de 4.586 en 2021 a 60.894 en 2022.

No último ano asináronse por primeira vez oito convenios de empresa que afectan a 413 persoas traballadoras (1.053 persoas en 2021), e un convenio de sector que afecta a 12.500 persoas. Dos nove convenios negociados por primeira vez en 2022, sete corresponden a convenios asinados na provincia da Coruña (401 persoas), e dous en Pontevedra (12.512 persoas).

Recollen "pacto de ultraactividade", entendido este como o mantemento das condicións pactadas nos convenios colectivos pese á finalización da súa vixencia, un total de 96 convenios, dos que 84 son convenios de empresa e 12 de ámbito sectorial. Este pacto de ultraactividade está recollido no 86% dos convenios de sector asinados en 2022 e no 87,5% dos de empresa.

Os convenios colectivos de ámbito estatal con aplicación en Galicia asinados ou revisados incrementáronse no último ano ata os 53 convenios, 15 menos que no ano 2021, afectando a 50.641 persoas traballadoras,

Convenios colectivos e revisións salariais negociados con efectos para 2021-22

2022								
	Total convenios		Asinados		Revisados		Negociados por 1ª vez	
	nº	trabajadores	nº	trabajadores	nº	trabajadores	nº	trabajadores
Total	131	198.052	110	129.785	21	68.267	9	12.913
Sector	22	177.706	14	116.812	8	60.894	1	12.500
Empresa	109	20.346	96	12.973	13	7.373	8	413

2021								
	Total convenios		Asinados		Revisados		Negociados por 1ª vez	
	nº	trabajadores	nº	trabajadores	nº	trabajadores	nº	trabajadores
Total	116	134.012	102	128.230	14	5.782	15	1.053
Sector	23	125.042	19	120.456	4	4.586	-	-
Empresa	93	8.970	83	7.774	10	1.196	15	1.053

Nota: Os convenios negociados por 1ª vez xa están incluídos nos asinados.

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, *Observatorio da negociación colectiva*

2.3.2.

Xornada media pactada na negociación colectiva 2021-22: distribución segundo sector económico

	2022	2021
	(en horas / ano)	
Total	1.772,69	1.779,20
Agricultura e pesca	-	1.780,00
Industria	1.761,04	1.770,10
Construción	-	-
Servizos	1.783,15	1.794,27

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, *Observatorio da negociación colectiva*

2.3.3.

34.20.304 persoas menos que no ano anterior. Dos devanditos convenios, 20 son de sector e 33 de empresa.

O incremento salarial pactado nos convenios asinados ou revisados en 2022 –calculado en base ao incremento salarial en porcentaxe indicado nos convenios e tendo en conta as cláusulas de revisión salarial pactadas nos convenios asinados e revisados nese ano– foi do 4,76%. Respecto da inflación, fronte ao devandito incremento salarial o IPC galego presenta unha medra do 6,4%, situándose este incremento interanual no 5,7% no conxunto do Estado. Recollen cláusulas de revisión salarial o 40,9% dos convenios asinados no ano 2022 e o 28,6% dos revisados. Respecto do número de persoas traballadoras ás que afecta estas cláusulas, a

porcentaxe nos convenios asinados é do 54,5% e nos revisados do 71,3%.

Analizando a xornada media pactada en Galicia en 2022, tendo en conta só os convenios que a regulan de xeito anual, esta ascende ata as 1.772,7 horas/ano (6,5 horas/ano menos en relación ao ano precedente). A xornada en convenios de empresa é máis reducida que nos sectoriais (1.726,1 horas fronte a 1.778,9 horas, respectivamente). No ano 2022 redúcese a xornada pactada tanto nos convenios de ámbito empresarial (19,3 horas menos) como no caso dos convenios de sector (2,7 horas menos).

No que respecta á xornada media pactada nos sectores

Tempo traballado nas CC.AA. 2008-22 ⁽¹⁾: distribución segundo sector

	2022				2008			
	Total (2)	Industria	Construción	Servizos	Total (2)	Industria	Construción	Servizos
	(en horas pactadas/traballador/mes)							
Andalucía	150,5	161,8	165,7	147,7	154,8	164,8	166,9	150,3
Aragón	152,4	166,6	164,9	147,2	156,4	165,6	165,9	151,1
Asturias	148,6	163,1	166,0	144,2	154,4	164,1	166,5	149,3
Baleares	153,0	163,5	165,5	150,9	155,2	162,9	165,0	152,7
Canarias	154,8	163,6	168,8	153,3	160,2	167,1	168,8	158,1
Cantabria	151,5	164,5	166,4	147,3	155,8	163,8	168,0	150,7
Castela-A Mancha	150,4	164,7	164,9	145,1	157,3	166,3	169,4	151,1
Castela e León	148,1	165,1	164,8	142,5	153,3	165,7	168,6	146,8
Cataluña	152,1	166,2	165,3	148,5	156,4	165,5	165,5	152,4
C. Valenciana	150,2	165,4	163,8	145,5	157,3	164,9	165,2	153,2
Extremadura	147,7	163,3	166,0	143,8	156,6	165,9	167,2	152,8
Galicia	153,2	164,2	167,8	149,4	156,4	165,6	168,4	151,1
Madrid	154,2	166,0	167,1	152,4	158,1	165,1	167,3	155,9
Murcia	150,6	163,8	164,3	146,2	154,6	166,0	167,2	148,5
Navarra	149,0	164,1	163,0	141,4	151,7	161,9	163,6	144,1
País Vasco	148,3	163,2	160,2	143,5	151,5	158,7	163,2	147,1
A Ríoxa	150,0	165,5	163,0	143,1	153,7	168,1	167,4	144,0
Total	151,6	164,8	165,5	148,3	156,1	164,7	166,7	152,2

(1) media dos 4 trimestres do ano

(2) seccións B-S da CNAE-2009

Fonte: INE, Encuesta trimestral de coste laboral

2.3.4.

económicos, para o ano 2022 só se dispón de datos para o sector industria e servizos, así o **cadro 2.3.3.** indica que o sector servizos mantense como a actividade cunha maior xornada media pactada, con 1.783,15 horas, o que implica unha redución de 11,1 horas respecto ao ano anterior; o sector industrial presenta unha xornada media pactada de 1.761,04 horas, 3,44 horas menos que en 2021.

O tempo traballado nas distintas CC.AA, medido en horas pactadas por traballador e mes, sitúa á Comunidade Canaria e a Madrid no primeiro e segundo posto, con 154,8 e 154,2 horas mensuais pactadas por traballador. Os datos proporcionados pola Enquisa trimestral do custo laboral elaborada polo INE sitúa a Galicia no terceiro lugar, con 153,2 horas, 1,6 horas mensuais máis que a media estatal que no ano 2022 foi de 151,6 horas por traballador.

A distribución das horas pactadas nos distintos sectores de actividade, mostra como, un ano máis, o sector industrial presenta en Galicia un tempo de traballo lixei-

ramente inferior á media estatal (164,2 e 164,8, respectivamente), en tanto que a construción, con 167,8 horas pactadas por persoa traballadora e mes, presenta o segundo tempo traballados máis elevado das 17 Comunidades Autónomas, só por detrás de Canarias (168,8 horas), situándose a media estatal en 165,5 horas mensuais pactadas (**cadro 2.3.4.**).

O número de horas mensuais efectivamente traballadas, entendidas como as realmente traballadas tanto en períodos normais de traballo como en xornadas extraordinarias incluíndo as horas perdidas no lugar de traballo, aumenta un ano máis en Galicia ata as 128,8 horas no ano 2022 (126,3 no ano 2021), situándose a media estatal en 128,4 horas. As persoas con contrato a tempo completo teñen en Galicia unha xornada de 141,7 horas efectivamente traballadas e aqueles con contrato a tempo parcial as horas traballadas efectivas son de 79,6 horas ao mes, situándose estas xornadas por riba da media estatal no primeiro caso (142,1 horas efectivas de media no Estado para a xornada a tempo completo) ao contrario do que acontece no emprego a

Tempo de traballo segundo traballador e mes en Galicia e España 2022: distribución segundo tipo de xornada e sectores de actividade

	2022										22/21	
	Total		Industria		Construción		Servicios					
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España (%)	Galicia
Horas pactadas												
Ambas xornadas	151,6	153,2	164,8	164,2	165,5	167,8	148,3	149,4	0,2	0,5		
Xornada a tempo completo	168,5	169,3	170,5	171,8	170,7	170,8	167,9	168,4	0,1	-0,2		
Xornada a tempo parcial	92,1	91,7	97,5	97,2	99,0	111,4	91,7	90,8	2,7	4,9		
Horas pagadas												
Ambas xornadas	152,0	153,6	165,6	165,2	166,1	168,3	148,5	149,6	0,3	0,5		
Xornada a tempo completo	168,9	169,6	171,4	172,8	171,3	171,4	168,1	168,5	0,1	-0,1		
Xornada a tempo parcial	92,7	92,3	97,8	97,3	98,9	111,6	92,3	91,5	2,7	5,1		
Horas efectivas												
Ambas xornadas	128,4	128,8	137,3	135,6	143,6	142,7	125,7	126,0	2,4	2,0		
Xornada a tempo completo	142,1	141,7	141,7	141,7	147,8	145,0	141,7	141,4	2,0	1,3		
Xornada a tempo parcial	80,2	79,6	85,1	81,6	88,3	98,9	79,7	79,0	6,4	7,4		
Horas non traballadas												
Ambas xornadas	23,9	25,0	28,6	29,9	22,7	25,8	23,2	23,8	-9,6	-6,5		
Xornada a tempo completo	27,0	28,2	30,0	31,5	23,6	26,5	26,8	27,5	-8,9	-6,5		
Xornada a tempo parcial	12,7	12,9	12,8	16,1	10,8	12,7	12,7	12,6	-14,9	-7,1		
Horas extras por traballador												
Ambas xornadas	0,7	0,6	1,1	1,2	0,7	0,6	0,6	0,5	8,0	20,0		
Xornada a tempo completo	0,6	0,6	1,2	1,3	0,8	0,6	0,5	0,4	0,0	9,5		
Xornada a tempo parcial	0,7	0,7	0,5	0,4	0,1	0,2	0,8	0,8	16,0	35,0		

Fonte: INE, Encuesta trimestral de coste laboral

2.3.5.

tempo parcial (80,2 horas de media estatal) (**cadro 2.3.5.**).

A construción segue sendo o sector de actividade con máis horas pactadas, pagadas e efectivas, seguido pola industria e os servizos. A industria é o sector de actividade con máis horas non traballadas e máis horas extras por traballador.

Tendo en conta a devandita evolución do número de horas efectivamente traballadas, o custo laboral total por hora increméntase un 1%, acadando un valor monetario de 19,83 euros, un incremento notablemente inferior ao rexistrado no conxunto de España (1,9%; 22,14 euros de media). O **cadro 2.2.2.** [*Custos laborais en Galicia e España 2021-22: distribución segundo sectores económicos e compoñentes*] reflicte que o custo salarial ordinario por hora medra un 1,2%, manténdose por baixo da media estatal (13 euros e 14,22 euros, respectivamente).

Os datos do CGRL mostran en 2022 un descenso do número de inaplicacións de convenios. Fronte ao incremento rexistrado no ano 2021, Galicia presenta en 2022 un descenso de 7 inaplicacións, acadando 16 inaplicacións de convenios, afectando a 285 persoas traballadoras, a metade que as afectadas no ano precedente. Atendendo á súa distribución sectorial, no sector servizos rexistráronse 14 inaplicacións, superando á industria con 4 inaplicacións de convenios, que afectan a 243 e 42 persoas traballadoras respectivamente. Como amosa o **cadro 2.3.6.**, ao igual que aconteceu nos tres anos anteriores, non se rexistrou ningunha inaplicación no sector da construción.

No que ás condicións de traballo que se inaplican se refire, cómpre mencionar que 13 desas inaplicacións se relacionan coa contía salarial, tres co horario e distribución de tempo de traballo, tres coas melloras voluntarias da acción protectora da seguridade social, dúas coa xornada e outras dúas co sistema de remuneración.

Inaplicacións rexistradas de convenios 2013-22 ⁽¹⁾

	2013		2019		2020		2021		2022	
	número	traball.	número	traball.	número	traball.	número	traball.	número	traball.
Total	180	4.166	29	560	12	476	23	576	16	285
agricultura	3	43	-	-	1	359	-	-	-	-
industria	37	1.875	7	157	2	39	4	344	2	42
construción	10	59	-	-	-	-	-	-	-	-
servizos	130	2.189	22	403	9	78	19	232	14	243
número de traballadores										
0-5	89		11		4		9		8	
6-30	67		12		6		10		5	
31-49	7		3		1		2		2	
50-100	5		2		-		1		-	
101-250	8		1		-		-		1	
251-500	4		-		1		1		-	
máis de 500	-		-		-		-		-	

(1) estas inaplicacións corresponden tan só a aqueles convenios de ámbito de comunidade autónoma ou provincial

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

2.3.6.

Persoas traballadoras afectadas polos expedientes de regulación de emprego autorizados nas CC.AA. 2021-22

	2022 ⁽¹⁾		2021 ⁽¹⁾	
	Galicia	España	Galicia	España
Total	21.019	294.702	38.560	603.399
Despidos colectivos	869	24.215	1.165	43.662
Suspensión de contratos	18.949	236.314	31.886	480.918
Reducción de xornada	1.201	34.173	5.509	78.819

(1) Consulta: 27-02-2023. Datos provisionais

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social, *Estadística de regulación de empleo*

2.3.7.

O Ministerio de Trabajo e Economía Social publica a “*Estadística de regulación de empleo*”, que proporciona información sobre as empresas e os traballadores e traballadoras afectados por procedementos de despedido colectivo, suspensión de contrato e redución de xornada dos contratos de traballo por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción ou derivadas de forza maior, que se resolvan ou se comuniquen á autoridade laboral en Galicia. No ano 2022, tras a activación dun Mecanismo RED de flexibilidade e estabilización do emprego, como o aprobado o 31 de marzo de 2022 para o sector das axencias de viaxe, na estatística se inclúen tamén os procedementos de redución

de xornada e suspensión de contrato comunicados ou resoltos favorablemente.

Así, segundo a devandita estatística, o número total de persoas afectadas polos procedementos de ERE en 2022 ascendeu ata as 21.019 persoas, o que un 45,5% menos de afectados que no ano anterior (17.541 persoas menos). No conxunto do Estado as persoas afectadas polos expedientes de regulación de emprego redúcense un 51,2%, de xeito que o peso relativo de Galicia no conxunto do Estado aumenta ata o 7,1%, cando no ano 2021 esta porcentaxe situábase no 6,4%.

Folgas nas CC.AA. 2021-22 ⁽¹⁾

	2022 (3)				2021 (2)			
	traballadores participantes		xornadas non traballadas		traballadores participantes		xornadas non traballadas	
		(%)		(%)		(%)		(%)
Andalucía	21.117	8,5	34.888	5,5	7.296	3,7	18.527	4,4
Aragón	6.836	2,7	12.825	2,0	8.676	4,4	11.092	2,6
Asturias	5.308	2,1	17.709	2,8	1.670	0,8	3.256	0,8
Baleares	1.799	0,7	2.529	0,4	361	0,2	781	0,2
Canarias	3.035	1,2	5.648	0,9	408	0,2	3.193	0,8
Cantabria	6.163	2,5	59.973	9,4	896	0,5	4.828	1,1
Castela-A Mancha	4.827	1,9	9.267	1,5	218	0,1	1.057	0,2
Castela e León	4.385	1,8	5.409	0,8	4.720	2,4	12.226	2,9
Cataluña	68.286	27,3	104.572	16,4	132.737	66,7	158.712	37,5
C. Valenciana	4.868	1,9	9.989	1,6	3.519	1,8	10.912	2,6
Extremadura	2.616	1,0	3.568	0,6	234	0,1	404	0,1
Galicia	20.784	8,3	63.672	10,0	7.300	3,7	17.159	4,1
Madrid	24.307	9,7	45.168	7,1	13.636	6,9	28.930	6,8
Murcia	1.783	0,7	2.890	0,5	1.110	0,6	5.135	1,2
Navarra	4.876	2,0	22.854	3,6	2.130	1,1	5.068	1,2
País Vasco	67.327	26,9	234.840	36,8	14.051	7,1	141.267	33,4
A Ríoxa	1.472	0,6	1.501	0,2	45	0,0	175	0,0
Ceuta e Melilla	64	0,0	261	0,0	19	0,0	93	0,0
Total	249.853	100	637.563	100	199.026	100	422.815	100

(1) o total de folgas non coincide coa suma das CC.AA. porque a cada provincia se lle asigna, ademais das folgas do seu propio ámbito territorial, as folgas de ámbito autonómico e estatal. Son folgas ordinarias.

(2) Datos definitivos

(3) Avance de resultados

Fuente: Ministerio de Trabajo y Economía Social, *Estadística de huelgas y cierres patronales*

2.3.8.

Conflitividade laboral

No ano 2022 en Galicia multiplícase case por catro o número de xornadas non traballadas e por tres o número de traballadores participantes en folgas, en relación ao ano anterior, en base ao avance de datos publicados na Estatística de folgas e peches patronais do Ministerio de Traballo e Economía Social.

A información que se ten en conta son os datos de inactividade por folgas ordinarias dos afiliados á Seguridade Social asalariados no Réxime xeral, no Réxime especial do mar (conta allea) e no Réxime especial da minería do carbón; non se inclúen os traballadores das mutualidades de MUFACE e MUGEJ, nen ningún colectivo de asalariados que non estea nos rexistros da S.S.

En base aos datos sinalados, en Galicia no ano 2022 rexístranse 41 folgas, sete menos que no ano anterior, o que representa o 6% do total estatal; este peso relativo sitúa a Galicia no quinto posto do conxunto das CC.AA. por detrás do País Vasco (47,1% do total estatal), A Ríoxa (18%), Cataluña (13,7%) e Madrid (11,2%).

A pesar da redución do número de folgas, en 2022 aumenta de xeito moi importante o número de traballadoras e traballadores participantes, acadando as 20.784 persoas, 13.484 máis que no ano anterior, o que sitúa a Galicia como a cuarta CC.AA. con maior número de participantes (8,3% do total estatal), superada por Cataluña (27,3% dos traballadores participantes no conxunto do Estado), polo País Vasco (26,9%) e Andalucía (8,5%).

Finalmente, en relación á evolución no número de xornadas non traballadas, estas acadan no ano 2022 en Galicia as 63.672, 46.513 máis que no ano anterior. Galicia rexistra o 10% do total de xornadas non traballadas no conxunto do Estado, a terceira porcentaxe máis elevada das 17 CC.AA, por detrás do País Vasco (36,8%) e Cataluña (16,4%).

Seguridade e saúde no traballo


En 2022 Galicia retoma a tendencia de caída do número de accidentes de traballo con baixa así como no índice de incidencia calculado como o cociente do total

Índices de incidencia dos accidentes de traballo nas CC.AA.

2021-22 ⁽¹⁾ ⁽²⁾

2022		
	Galicia	España
Accidentes con baixa	2.530,7	2.852,1
Accidentes leves	2.484,9	2.828,9
Accidentes graves	39,2	19,6
Accidentes mortais	6,6	3,5

2021		
	Galicia	España
Accidentes con baixa	2.647,4	2.670,6
Accidentes leves	2.601,2	2.647,7
Accidentes graves	41,4	19,9
Accidentes mortais	4,8	3,1



(1) Índice de incidencia: accidentes x 100.000 / afiliados a réximes da S.S. coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta

(2) Os datos son avances

Índice de incidencia accidentes mortais: accidentes mortais x 100.000 / afiliados a réximes da S.S. coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social

2.3.9.

de accidentes de traballo entre a media anual de traballadores afiliados, tendencia iniciada no ano 2018 e só invertida no ano 2021. No conxunto do ano 2022 o índice de incidencia ascendeu ata os 2.530,74 accidentes por cada cen mil traballadoras e traballadores afiliados, cifra inferior á media estatal (2.852,1 accidentes con baixa).

O **cadro 2.3.9.**, con datos do Ministerio de Trabajo y Economía Social, mostra a devandita caída no índice de incidencia de accidentes con baixa, pero tamén reflicte un intenso aumento do índice de incidencia no caso dos accidentes mortais en Galicia, aumentando tamén, aínda que de xeito máis moderado, tamén no conxunto

de España. No último ano rexístranse en Galicia un total de 6,6 accidentes mortais por cada cen mil afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta (3,5 accidentes no conxunto do Estado).

A evolución das baixas laborais derivadas de incapacidade temporal por continxencias profesionais, **cadro 2.3.10.**, mostra como o número de procesos iniciados en 2022 é superior aos iniciados no ano anterior, aumenta a incidencia media por cada mil traballadoras e traballadores protexidos e se reduce a duración media dos procesos. No caso das continxencias comúns, salvo autónomos, a evolución é semellante incrementándose

Baixas laborais derivadas de incapacidade temporal nas CC.AA. 2021-22: continxencias profesionais

	Duración media dos procesos con alta no período		Incidencia media mensual por cada 1.000 traballadores protexidos		Número de procesos iniciados no período	
	2022	2021	2022	2021	2022	2021
	(en días / ano)		(%)			
Galicia	36,87	47,08	4,96	3,75	61.825	45.843
A Coruña	35,51	46,11	4,98	3,77	26.744	19.722
Lugo	43,79	57,05	4,64	3,15	6.858	4.597
Ourense	33,06	45,45	5,70	3,92	7.162	4.852
Pontevedra	37,60	45,97	4,84	3,89	21.061	16.672
Total	32,17	37,24	4,04	3,58	953.269	812.581

Fonte: Secretaría de Estado de la Seguridad Social, *Incapacidad temporal*

2.3.10.

de xeito importante o número de procesos iniciados, a incidencia media mensual por cada mil traballadores protexidos e reducíndose a duración media dos procesos.

No último ano Galicia sitúase como a oitava Comunidade Autónoma coa duración media máis elevada no caso das baixas laborais derivadas de incapacidade temporal por continxencias profesionais, con 36,87 días de media (32,17 en España). No concenrente ás continxencias comúns (agás autónomos), Galicia situouse como a segunda Comunidade con maior duración media dos procesos, con 66,1 días fronte aos 37,7 días de media no conxunto do Estado, só superada por Estremadura (67,2 días). Por último, a duración media dos procesos finalizados en 2022 no caso do réxime especial de autónomos foi de 134,7 días, a cifra máis elevada de todas as CC.AA. (98,3 días de media en España).

Formación profesional para o emprego

As accións formativas para o emprego están dirixidas prioritariamente a persoas en situación de desemprego e teñen como obxectivo darlles unha formación que lles permita a súa integración no mercado laboral.

Na convocatoria do ano 2022 (**cadro 2.3.11.**), os datos proporcionados pola Consellería de Emprego e Igual-

dade mostran que en Galicia desenvóléronse un total de 4.075 accións formativas, case tres veces máis que no ano anterior, aumentando o número de alumnos e alumnas ata as 60.905 persoas. O orzamento aprobado para a realización destes cursos acadou neste último ano os 79,4 millóns de euros, un 82% máis que no ano anterior.

O maior número de cursos están dirixidos a persoas traballadoras desempregadas, con 1.193 accións formativas, ás que asistiron un total de 16.117 persoas (26,5% do total). A continuación situaríanse as accións formativas do plan de formación para o emprego para persoas traballadoras ocupadas, con 13.874 persoas participantes (22,8% do total). Finalmente, é importante destacar a importancia das accións de dixitalización de mulleres no rural 2022/23, que conta con 372 accións formativas programadas e 5.928 alumnas (9,7% do total). O orzamento das accións formativas para persoas desempregadas foi de 53,7 millóns de euros, o 67,6% do orzamento total da convocatoria 2022 das accións formativas.

No **cadro 2.3.12.** observamos que en torno ao 60% dos alumnos das accións formativas son mulleres. No que á idade se refire, o 37% do alumnado ten entre 31 e 44 anos, e o 35% corresponde aos maiores de 45 anos (25% no caso dos menores de 30). Entre as accións formativas para persoas desempregadas, as máis nume-

Total de accións formativas (AFS), alumnos e importe aprobado. Convocatoria 2022

	AFS	Alumnos (1)	Importe
Accións formativas de formación para o emprego non financiadas con fondos públicos conducentes á obtención de certificados de profesionalidade	104	1.228	-
Accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas	1.193	16.117	53.675.546,30
Accións formativas do Plan de formación no Xacobeo	369	6.199	3.736.506,90
accións formativas do Plan de formación para o emprego (persoas traballadoras ocupadas)	840	13.874	4.487.142,25
Convenios 2019/20	20	267	1,00
Convenios 2020/21	21	291	-
Convenios 2021/22	34	463	-
Convenios 2022/23	806	12.399	6.275.021,32
Dixitalización de Mulleres no Rural 2022/23	372	5.928	2.172.474,08
MEP - CONCURSO DE LOTES	131	1.688	3.098.418,91
MEP - CONTRATOS MENORES	1	9	10.000,00
MEP - CONVENIO DE EDUCACIÓN CIFP	53	705	2.197.017,00
MEP - CONVENIO DE EDUCACIÓN IES	40	492	1.456.864,66
MEP - CONVENIO FERROLTERRA	4	56	85.821,89
Resolucións 2022	10	109	-
Subvencións para o financiamento das accións formativas con compromiso de contratación en unidades formativas das empresas.	77	1.080	2.222.296,30
Total	4.075	60.905	79.417.110,60

(1) alumnado participante nas AFS tendo en conta que unha mesma persoa alumna poderá participar en accións formativas de diferentes convocatorias, diferentes entidades, diferentes familias profesionais e mesmo diferentes provincias e, polo tanto, computarase tantas veces como iso suceda.

O total de persoas que durante o ano 2022 participaron en accións formativas para o emprego é de 43.579.

Fonte: Consellería de Emprego e Igualdade

2.3.11.

Accións formativas (AFS) 2022. Alumnos beneficiarios por sexo e grupos de idade

	Total (1)	Sen datos de xénero	Homes	Mulleres	Total (1)	Sen datos de idade	30 anos ou menos	31-44 anos	45 ou máis anos
Accións formativas de formación para o emprego non financiadas con fondos públicos conducentes á obtención de certificados de profesionalidade	1.228	98	617	513	1.228	98	537	336	257
Accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas	16.117	54	7.455	8.608	16.117	46	4.207	5.483	6.381
Accións formativas do Plan de formación no Xacobeo	6.199	261	1.524	4.414	6.199	260	1.204	2.524	2.211
accións formativas do Plan de formación para o emprego (persoas traballadoras ocupadas)	13.874	616	3.596	9.662	13.874	617	3.313	6.203	3.741
Convenios 2019/20	267	1	82	184	267	1	92	57	117
Convenios 2020/21	291	1	83	207	291	-	70	81	140
Convenios 2021/22	463	2	180	281	463	2	85	159	217
Convenios 2022/23	12.399	611	6.071	5.717	12.399	613	3.756	4.632	3.398
Dixitalización de Mulleres no Rural 2022/23	5.928	13	22	5.893	5.928	13	557	1.721	3.637
MEP - CONCURSO DE LOTES	1.688	8	1.044	636	1.688	8	383	561	736
MEP - CONTRATOS MENORES	9	-	3	6	9	-	-	8	1
MEP - CONVENIO DE EDUCACIÓN CIFP	705	2	439	264	705	2	249	219	235
MEP - CONVENIO DE EDUCACIÓN IES	492	1	323	168	492	1	207	146	138
MEP - CONVENIO FERROLTERRA	56	-	27	29	56	-	51	5	-
Resolucións 2022	109	5	32	72	109	5	7	61	36
Subvencións para o financiamento das accións formativas con compromiso de contratación en unidades formativas das empresas.	1.080	6	667	407	1.080	5	475	435	165
Total	60.905	1.679	22.165	37.061	60.905	1.671	15.193	22.631	21.410

(1) alumnado participante nas AFS tendo en conta que unha mesma persoa alumna poderá participar en accións formativas de diferentes convocatorias, diferentes entidades, diferentes familias profesionais e mesmo diferentes provincias e, polo tanto, computarase tantas veces como iso suceda.

O total de persoas que durante o ano 2022 participaron en accións formativas para o emprego é de 43.579.

Fonte: Consellería de Emprego e Igualdade

2.3.12.

Accións formativas (AFS) 2022. Distribución segundo actividade

	Total AFS	Alumnos (1)				Orzamentos
		Total	Sen datos de xénero	Mulleres	Homes	
Actividades Físicas e Deportivas	43	537	46	149	342	702.661,95
Administración e Xestión	921	14.876	601	10.490	3.785	9.961.326,12
Agraria	30	396	1	159	236	824.611,42
Artes Gráficas	4	42	-	27	15	197.034,83
Comercio e Marketing	481	7.497	191	5.060	2.246	10.136.317,02
Edificación e Obra Civil	105	1.406	48	165	1.193	2.549.576,52
Electricidade e Electrónica	63	893	14	103	776	2.649.273,03
Enerxía e Auga	43	965	48	185	732	1.677.425,68
Fabricación Mecánica	215	2.851	33	409	2.409	9.824.716,74
Formación Complementaria	624	9.376	48	8.268	1.060	5.873.541,90
Hostalería e Turismo	132	2.079	74	1.451	554	2.091.849,67
Imaxe e Son	1	12	-	4	8	49.728,60
Imaxe Persoal	22	295	14	250	31	637.498,65
Industrias Alimentarias	33	443	6	209	228	1.106.403,62
Industrias Extractivas	1	12	-	1	11	-
Informática e Comunicacións	490	7.406	306	3.191	3.909	12.960.971,29
Instalación e Mantemento	37	602	25	57	520	1.383.058,44
Madeira, Moble e Cortiza	15	184	-	31	153	480.194,37
Marítimo Pesqueira	39	446	28	303	115	240.389,00
Sanidade	103	1.709	58	1.139	512	2.542.855,52
Seguridade e Medio Ambiente	44	530	23	123	384	343.922,82
Servizos Socioculturais e á Comunidade	466	6.145	85	4.671	1.389	9.524.769,85
Téxtil, Confección e Pel	4	58	1	53	4	141.112,50
Transporte e Mantemento de Vehículos	159	2.145	29	563	1.553	3.517.871,07
Total	4.075	60.905	1.679	37.061	22.165	79.417.110,60

(1) alumnado participante nas AFS tendo en conta que unha mesma persoa alumna poderá participar en accións formativas de diferentes convocatorias, diferentes entidades, diferentes familias profesionais e mesmo diferentes provincias e, polo tanto, computarase tantas veces como iso suceda.

O total de persoas que durante o ano 2022 participaron en accións formativas para o emprego é de 43.579.

Fonte: Consellería de Emprego e Igualdade

2.3.13.

rosas, o alumnado cunha idade superior aos 45 anos concentra o 39,6% do total, seguido do 34,1% no caso das persoas con idades comprendidas entre 31 e 44 anos e o 26,1% dos menores de 30 anos.

Atendendo á distribución sectorial da programación destes cursos, as actividades máis importantes en canto á súa dotación orzamentaria son as de “Informática e comunicacións” e “Comercio e marketing”, con 12,96 e 10,14 millóns de euros respectivamente, seguidas das accións “Administración e xestión” “Fabricación mecánica” e “Servizos socioculturais e á comunidade”, con 9,96, 9,82 e 9,52 millóns de euros cada unha. En conxunto, estas cinco actividades concentran o 66% do orzamento total e o 63% do alumnado que asiste ás distintas accións formativas (cadro 2.3.13.).

